

*Memoria de Responsabilidade Social
da Universidade de Vigo. 2012*

Índice

1. Presentación carta do reitor

2. Datos básicos da Universidade de Vigo

2.1 Perfil da Universidade de Vigo

2.2 Misión, visión e valores

2.3 Sistema de goberno

2.4 Premios e distincións

3. A Universidade de Vigo ante a Responsabilidade Social

3.1 Obxectivos e principios da Memoria

3.2 Alcance e cobertura da Memoria de Responsabilidade Social

3.3 Os nosos grupos de interese

3.4 Achega da Universidade de Vigo á Responsabilidade Social como disciplina

4. Transparencia e sostibilidade na xestión económica

4.1. Xestión orzamentaria e situación económico - patrimonial da Universidade de Vigo

4.2 Relación económica cos grupos de interese

4.3. Contratación Administrativa e responsabilidade na cadea de aprovisionamentos

5. A xestión ambiental

5.1. Política ambiental

5.2 Actividades e iniciativas en política ambiental

5.3 A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo

5.4 A xestión dos residuos e consumos de enerxía

5.5 Resultado das boas prácticas na redución do impacto ambiental

6. O compromiso co alumnado e a calidade da docencia

6.1 Oferta formativa

6.2 Unha educación de calidade

6.3 Apoio á formación a través dos servizos e recursos complementarios

6.4 Outras accións e medios en favor da calidade da formación

6.5 A mobilidade de estudantes, persoal docente e pas da Universidade de Vigo

6.6 O compromiso da Universidade de Vigo coa inserción laboral

7. O persoal da Universidade de Vigo

7.1 Cadro de persoal

7.2 Formación , saúde e seguridade no traballo

7.3. Igualdade de oportunidades e participación nos órganos de goberno

8. A investigación e a transferencia do coñecemento á sociedade

8.1 Directrices xerais e resultados

8.2 Sistema loxístico de centros de investigación propios ou vinculados

8.3 Campus do Mar: a colaboración como estratexia de futuro

9. A Universidade de Vigo e a creación de valor para a sociedade

9.1 A Universidade coa promoción e a difusión cultural

9.2 Promoción do deporte

9.3 Actividades de Extensión Universitaria e acción social

Anexos

1. Índice de correspondencia de contido coa Global Reporting Initiative (GRI)

2. Indicadores de desempeño da Global Reporting Initiative (GRI)

1. Carta do reitor

Por terceiro ano consecutivo, compráceme presentarvos a Memoria de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo, un documento no que queda recollido, unha vez máis, o impacto da nosa institución sobre a sociedade.

Cumprindo co seu compromiso coa responsabilidade social e a súa intención de converter en hábito este modelo de rendición de contas, este documento pretende difundir os resultados e os avances en materia de responsabilidade social, en particular no tocante aos nosos indicadores de desempeño económico, social, laboral e medioambiental.

Nesta época que nos toca vivir, a rendición social de contas adquire un especial significado. A xestión dunha universidade pública en tempos de crise e a consolidación fiscal esixen, máis que nunca, un gran esforzo de todas e todos nós e ter presente, en todo momento, a misión, a visión e os valores que compartimos e sobre os cales se fundamenta toda a nosa estratexia organizativa.

Na Universidade de Vigo, para cumprir coa nosa misión e ser recoñecidos socialmente, seguimos apostando de xeito firme e decidido pola ensinanza de calidade, a formación integral e excelente do noso estudantado e a transferencia e difusión do coñecemento. Xa que logo, debemos seguir traballando para mellorar o papel da nosa institución como motor de progreso, benestar, avance cultural e competitividade e para manter a posición de referente de modernidade e innovación que conseguimos acadar en Galicia, en España e no mundo como o demostra a nosa incorporación nas listas das mellores universidades nestes últimos anos.

Coa publicación desta terceira memoria, queremos aproveitar para anunciar que é o momento para a Universidade de Vigo de acollerse ao Pacto Social Mundial, que precisamente inspira a realización deste documento. Tamén é tempo de mellorar o noso compromiso coa igualdade de oportunidades e coa transparencia, agardando que en sucesivas memorias se poidan recoller os resultados dos esforzos da comunidade universitaria nestes eidos.

Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor

2. Datos básicos da Universidade De Vigo

2.1 Perfil da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo (GRI 2.1) foi creada en 1990 con dous obxectivos: superar as carencias universitarias existentes en Galicia e reordenar o sistema universitario da comunidade autónoma galega, atendendo aos criterios de desenvolvemento e renovación da estrutura educativa.

A Universidade de Vigo é unha institución de dereito público (GRI 2.6) á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior (GRI 2.2). Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei Orgánica de Universidades.

A reitoría ten a súa sede no campus de Vigo (As Lagoas-Marcosende). (GRI 2.4). Esta institución, vinculada á realidade histórica, social e económica de Galicia (GRI 2.7), dedicarlle especial atención ao estudo e ao desenvolvemento da súa cultura e do seu medio e proxectárase dun xeito activo sobre os problemas galegos mediante programas específicos de docencia, de investigación e de desenvolvemento e difusión establecidos a partir de necesidades concretas.

Con estes obxectivos procura a cooperación coas outras universidades galegas en cumprimento da súa función socioeconómica. A Universidade de Vigo asume tamén o compromiso de detectar, diagnosticar e contribuír á solución dos problemas existentes nas sociedades contemporáneas e de promover políticas activas de igualdade e de promoción social.

A universidade está estruturada en tres campus: Ourense, Pontevedra e Vigo. Para realizar as súas funcións nos diversos campus, a Universidade organízase dun xeito funcionalmente desconcentrado. Así mesmo, a Universidade de Vigo está integrada por escolas, facultades, departamentos, institutos universitarios de investigación e por outros centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións. A estrutura está regulada nos artigos 9 ao 21 dos Estatutos da Universidade de Vigo. A Reitoría ten a súa sede no Campus de Vigo (As Lagoas, Marcosende).

Durante o período cuberto por esta Memoria non se produciron cambios significativos no tamaño e estrutura da Universidade de Vigo. (GRI 2.9)

<i>Xestión económica (2012)</i>	
Orzamento total de ingresos	178.796.207
Ingresos por taxas, prezos públicos e outros ingresos (art. 31 Prezos públicos)	16.930.669
Gastos de persoal	93.598.000

<i>Recursos Humanos (2012)</i>	
Nº de PDI	1.472
Nº de PDI en ETC	1.156
Nº de doutores	1.072
Nº de PAS	686

Estrutura dos Recursos Humanos

	<i>Total</i>	<i>mulleres</i>	<i>% mulleres</i>	<i>estranxeiros/as</i>	<i>% estranx.</i>
PDI	1.453	566	39%	14	1%
PAS	684	412	60%	0	0%
Total	2.137	978	46%		

No ano 2012 a Universidade de Vigo contou con 2.137 traballadores entre persoal docente e investigador e o persoal laboral. Isto non inclúe a outro persoal investigador, que sumou un total de 849 contratos durante 2012, sendo mulleres un 52%.

Do total de Persoal docente e investigador, as 1472 persoas representan 1156 en equivalencia a tempo completo. O reparto do PDI entre persoal funcionario e laboral é o seguinte.

PDI funcionario e laboral. Equivalencia a tempo completo

	<i>Total</i>	<i>mulleres</i>	<i>% mulleres</i>	<i>Total ETC</i>
Funcionarios/as	850	301	35%	847
Laborais	603	265	49%	343
Total	1453	566	39%	1190

No Persoal de administración e servizos a práctica totalidade do persoal traballa a tempo completo, polo que non se producen diferenzas significativas. O PAS laboral suma un total de 319 prazas (85% fixas) e o PAS funcionario 361 (92% fixas). O persoal eventual e altos cargos son catro persoas.

Alén das estrutura laboral convencional (PDI, PAS) e dos estudantes, debemos salientar o peso do número de investigadores e bolsellos vinculados á Universidade de Vigo. Durante 2012, ascenderon a 849 persoas contratadas para desenvolver traballos de investigación ou por convenios ou proxectos. Como podemos ver na seguinte táboa, mais da metade dos incorporados á institución para desenvolver estas tarefas foron mulleres.

Outro persoal investigador (2012)

	<i>Total</i>	<i>% mulleres</i>
Persoal de programas de investigación	227	60%
Persoal contratado con cargo a proxectos	482	48%
Bolsellos/as de investigación e proxectos	103	53%
Persoal técnico de programas de investigación	37	57%
Total	849	52%

No que toca ao número de estudantes, o curso 2012-2013 contou con 22.103 matriculados en titulacións oficiais o que supón un lixeiro descenso fronte ao curso anterior. O remate de moitas licenciaturas e a implantación dos grados está na explicación do fenómeno, sen que a matrícula nos master compense o total do efecto.

O centro con máis é a Escola de Enxeñería industrial (Vigo), seguida por Ciencias da Educación (Ourense) e Económicas e Empresariais (Vigo). No cuarto e quinto posto sitúanse Ciencias da Educación e Deporte (Pontevedra) e Filoloxía e Tradución (Vigo), respectivamente. Seguido desta atópase Ciencias Sociais e da Comunicación (Pontevedra), Turismo (Ourense), Belas Arte (Pontevedra) e Informática (Ourense).

<i>Matrícula 2011-2012</i>					
	<i>Estudiantes matriculados/as</i>	<i>Mulleres matriculadas</i>	<i>% Mulleres matriculadas</i>	<i>Estudiantes estranxeiros/as</i>	<i>% Estudiantes estranxeiros/as</i>
Diplomaturas	1.052	668	63,50%	8	1%
Enxeñerías	4.073	1.026	25,19%	15	0%
Graos	9.647	5.345	55,41%	107	1%
Licenciaturas	3.047	1.917	62,91%	30	1%
Masteres	2.026	1.099	54,24%	150	7%
Mestrados	629	475	75,52%	2	0%
Programas de doutoramento	686	330	48,10%	79	12%
Tutelas de teses	943	509	53,98%	275	29%
Totais	22.103	11.369	51,44%	666	3%

<i>Estudiantes matriculados e graduados (2011-2012)</i>		
<i>Titulacións oficiais</i>	<i>Matriculados</i>	<i>Titulados</i>
Titulacións de grao	9.655	240
Titulacións de 1º ciclo	3.448	1.750
Titulacións de 1º e 2º ciclo	4.863	1.155
Titulacións só de 2º ciclo	490	169
Titulacións de máster oficial	2.051	1.437
programas de doutoramento	1.623	159

<i>Estudios propios</i>	<i>Matriculados</i>
Titulacións propias	494
Máster propios	21
Formación especializada (prazas ofertadas)	1224
Máster/especialista (prazas ofertadas)	33
Formación continua	133
Cursos complementarios (prazas ofertadas)	807
Cursos de extensión universitaria	447
Cursos do centro de linguas	2.066

As escolas e facultades son os centros encargados da organización das ensinanzas e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención de títulos de grao oficiais e con validez en todo o territorio nacional. Poderán impartir tamén ensinanzas conducentes á obtención doutros títulos, así como levar acabo aquelas funcións que determine a universidade, para o que deben contar cos medios e coa organización axeitados.

Estudios Ofertados en 2011-2012 (GRI 2.2)

Nº de titulacións propias	2
Nº de cursos de formación especializada	22
Nº de máster/especialista	3
Nº de cursos de formación continua	26
Nº de cursos complementarios	32
Nº de cursos de extensión universitaria	88
Nº de cursos de centro de linguas	105

Tras o proceso de adopción ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), a Universidade de Vigo dispón, desde o curso 2012-2011, dun mapa de titulacións totalmente transformado ás directrices de Boloña e no que o grao, o master e o doutoramento, son protagonistas dun novo escenario do sistema universitario.

Distribución de titulacións nas diferentes adscricións dos centros, por campus.

Centros propios: 21

Campus de Vigo

Facultade de Filoloxía e Tradución
Facultade de Bioloxía
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
Escola Universitaria de Estudos Empresariais
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas

Facultade de Ciencias do Mar
Facultade de Química
Escola de Enxeñaría Industrial

Campus de Ourense

Facultade de Ciencias
Facultade de Historia
Facultade de Dereito
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
Facultade de Ciencias da Educación
Escola Superior de Enxeñaría Informática

Campus de Pontevedra

Facultade de Belas Artes
Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
Escola de Enxeñaría Forestal
Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
Facultade de Fisioterapia

Centros adscritos: 7

Escola Universitaria de Maxisterio «María Sedes Sapientiae» (Vigo)
Escola Universitaria de Enfermaría (Meixoeiro, Vigo)
Escola Universitaria de Enfermaría (Povisa, Vigo)
Escola de Negocios NCG (Vigo)
Escola Universitaria de Enfermaría (Ourense)
Escola Universitaria de Enfermaría (Pontevedra)
Centro Universitario da Defensa (Marín, Pontevedra)

Un total de 229 titulacións, repartidas en 21 centros propios e 7 adscritos, con 46 departamentos, (11 do ámbito científico, 9 de humanidades, 14 tecnolóxico e 13 do ámbito xurídico_social) (GRI 2.3) compoñen a día de hoxe a oferta educativa da Universidade de Vigo. Durante o período cuberto por esta Memoria non se produciron cambios significativos no tamaño e estrutura da Universidade de Vigo. (GRI 2.9).

Durante o ano 2011-2012 continuou a implantación dos títulos de grao e a substitución das diplomaturas e licenciaturas. No posgrao, obtívose a verificación positiva de dez novos títulos de mestrado universitario e doutor/a; ao mesmo tempo implantáronse seis novos mestrados universitarios. Os títulos de mestrado universitario en Enxeñaría Informática, Mecatrónica e Lingua e Comunicación nos Negocios, aínda que obtiveron a verificación positiva, foron implantados efectivamente no curso 2012/2013.

Así mesmo, durante o ano 2011 presentáronse ante o Ministerio de Educación as solicitudes de modificación de nove títulos de mestrado universitario, modificacións que se aplicaron a partir do ano académico 2011/2012.

A distribución de persoas e superficies nos diferentes campus preséntase na seguinte táboa. Téñase en conta que hai persoal que presta servizos en diferentes centros, polo que pode computar varias veces, o que conduce a engano na cifra total.

Edifícios no Campus de Vigo: persoas e superficies 2012

	<i>Superficie</i>	<i>Estudantes</i>	<i>PAS</i>	<i>PDI</i>	<i>Total</i>
<i>Facultades de Ciencias</i>	45 670	1 296	44	305	1 645
<i>F. CC Económicas e Empresariais</i>	16 531	1 870	25	153	2 048
<i>Fac. CC Xurídicas e do traballo</i>	8 328	1 114	12	116	1 242
<i>EE Industrial</i>	20 053	2 516	23	216	2 755
<i>EE Minas</i>	17 157	489	19	118	626
<i>EE Telecomunicacións</i>	11 705	1 260	13	124	1 397
<i>Escola de Comercio (Vigo, cidade)</i>	3 281	677	8	57	742
<i>EE Industrial (Vigo cidade)</i>	16 922	1 681	24	105	1 810
<i>Fac. Filoloxía e Tradución</i>	15 850	1 160	25	149	1 334
<i>Biblioteca Central</i>	7 269	N.A.	59	N.A.	59
<i>CACTI</i>	3 390	N.A.	46	N.A.	46
<i>Instalacións deportivas</i>	31 223	N.A.	10	N.A.	10
<i>Ed. Fundación</i>	4 203	N.A.	3	N.A.	3
<i>Reitoría e admon</i>	6 463	N.A.	172	N.A.	172
<i>ECIMAT</i>	3 222	N.A.	3	N.A.	3
<i>Total</i>	211 267	12 063	486	1 343	13 892

Edifícios no Campus de Ourense: persoas e superficies 2012

	<i>Superficie</i>	<i>Estudantes</i>	<i>PAS</i>	<i>PDI</i>	<i>Total</i>
<i>Edificio Politécnico</i>	22904	1191	21	162	1374
<i>Edificio Xurídico Social</i>	20641	1550	17	148	1715
<i>Edificio Educación e Historia</i>	17512	1650	17	148	1815
<i>Biblioteca Campus</i>	6312		18		18
<i>Un. Administrativa</i>	684		16		16
<i>Polideportivo</i>	3611		6		6
<i>Total</i>	71664	4391	95	458	4944

Edificios no Campus de Pontevedra: persoas e superficies 2012

	<i>Superficie</i>	<i>Estudantes</i>	<i>PAS</i>	<i>PDI</i>	<i>Total</i>
<i>Ciencias da Educación</i>	9050	1374	10	115	1499
<i>Ciencias Sociais e Biblioteca</i>	16049	917	27	92	1036
<i>Fisioterapia</i>	3546	223	4	59	286
<i>EE Forestal</i>	10245	155	17	33	205
<i>Belas Artes</i>	17547	616	15	63	694
<i>Polideportivo</i>	2031		5		5
<i>Casa das Campás</i>	850		3		3
<i>Total</i>	59318	4391	81	458	3728

2.2 Misión, visión e valores (GRI 4.8)

A universidade de Vigo é unha institución académica pública, autónoma, aberta ao contorno e con vocación internacional, e como tal comprometida coa igualdade e co progreso económico e o benestar social de Galicia.

A súa **misión** é ofrecer un ensino e unha investigación de calidade coa que contribuír á creación e á transferencia de coñecemento, á formación integral das persoas, ao desenvolvemento científico e tecnolóxico, á innovación e ao crecemento intelectual da sociedade multicultural e plurilingüe na que se insire.

O seu afán é consolidarse como unha institución igualitaria, plural e participativa, comprometida coa cooperación institucional, a solidariedade e a preservación do medio natural, e quere ser recoñecida e valorada pola formación integral do seu alumnado, tanto no campo profesional como persoal, pola calidade dos servizos ofrecidos, pola eficiencia, eficacia e transparencia da súa xestión e polo seu prestixio académico.

Aspira a ser un referente innovador dentro do sistema universitario na docencia, na investigación básica e aplicada, na xestión e na transferencia da ciencia e o coñecemento, na internacionalización das súas actividades, en especial en Latinoamérica e nos países lusófonos (GRI 2.7), e na integración harmónica co medio, e a ser, ademais, un instrumento socialmente vertebrador e catalizador do debate intelectual e das novas ideas.

A Universidade de Vigo entende a súa responsabilidade social dende a base da súa propia existencia, reflectindo un compromiso coa sociedade e co medio na propia descrición da súa misión e da súa visión. Como condición indispensable para desenvolver a súa actividade e misión fundamentais, atende, non só ao seu desempeño no momento presente, senón a unha clara vocación de futuro que busca garantir o seu papel como institución comprometida e xeradora de valor social.

2.3 Sistema de goberno (https://www.uvigo.es/uvigo_gl/organizacion/organos/)

En base aos principios directores dos Estatutos da Universidade de Vigo (http://secxeral.uvigo.es/secxeral_es/normativa/universidade/estatutos/) o réxime de goberno da Vigo fundaméntanse no principio de representación de todos os sectores da comunidade universitaria a través dos seus órganos colexiados e unipersoais.

Organización Institucional

O réxime de goberno da Universidade de Vigo fundaméntase no principio de representación de todos os sectores da comunidade universitaria nos seus órganos colexiados, así como no de designación por elección das persoas que van ocupar os cargos académicos, agás as excepcións establecidas explicitamente nos estatutos. Así mesmo propicia a presenza equilibrada de homes e de mulleres nos seus órganos de goberno, para o que establecerá as normas necesarias nos procedementos electorais.

O goberno, a participación social, a representación e a administración da Universidade de Vigo articularanse, cando menos, a través dos seguintes órganos:

Órganos Colexiados (GRI 4.4)

Consello Social, Claustro Universitario, Consello de Goberno, xuntas de facultade, xuntas de escola, consellos de departamento e de instituto universitario, consellos de campus, xuntas de titulación e xuntas, consellos ou outros órganos noutros centros que se puidesen crear.

Órganos unipersoais

A Universidade de Vigo establece que os titulares dos órganos unipersoais, agás os que o sexan por designación ou por procedemento expresamente regulado doutro modo, deben ser elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Estes postos de carácter persoal concrétanse nos seguintes títulos:

Reitor/a, vicerreitores/as, secretario/a xeral, xerente, decanos/as e vicedecanos/as de facultades, directores/as e subdirectores/as de escolas e de departamentos, e secretarios de facultades, de escolas e de departamentos, de institutos ou outros órganos que se puidesen crear.

O equipo de goberno da institución estaba constituído en 2012 do seguinte xeito (GRI 4.1):

<i>Reitor</i>
<i>Vicerreitor de Economía e Planificación</i>
<i>Vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións</i>
<i>Vicerreitora de Investigación</i>
<i>Vicerreitor de Transferencia do Coñecemento</i>
<i>Vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade</i>
<i>Vicerreitor de Relacións Internacionais</i>
<i>Vicerreitor de Extensión Universitaria</i>
<i>Vicerreitora do Campus de Ourense</i>
<i>Vicerreitora do Campus de Pontevedra</i>
<i>Secretaría Xeral</i>

O Consello Social

É o órgano de participación da sociedade na universidade e exerce como elemento de interrelación entre a sociedade e a universidade. Correspóndelle fomentar iniciativas sociais e promover a actuación dos poderes públicos para estimular investimentos que favorezan as actividades da universidade e que adecúen a capacidade docente e investigadora desta á demanda social.

A súa composición e funcións veñen establecidas nos artigos 29 e 30 dos estatutos da universidade.

O Consello de Goberno

É o órgano de goberno da Universidade. Nos artigos do 37 ao 39 dos estatutos da universidade está regulado o seu funcionamento e composición.

Outros órganos


O Tribunal de Garantías (TG) é unha institución singular, específica e inconfundible dentro do sistema institucional universitario; unha institución de garantía, á que se lle encomenda a defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. Así mesmo constitúe un factor de impulso e mellora á hora de lograr unha administración máis xusta e eficaz. Investiga como funcionan os órganos administrativos, os administradores, nas súas relacións cos administrados a fin de detectar retrasos, silencios, arbitrariedades, irregularidades ou mala fe.

No exercicio das súas funcións, o Tribunal actuará formulando suxestións, propostas e recomendacións aos responsables inmediatos dos servizos da Universidade, aos responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou problemas observados, e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito. Neste sentido a atribución do TG converxen, nun sentido amplo e práctico coa implementación da RSU na Universidade de Vigo.


A función deste Tribunal abarca fundamentalmente tres áreas de actuacións:

- a) supervisión, comprobación e inspección do funcionamento da administración universitaria, facendo que se cumpra a normativa e se respecten os dereitos e os intereses lexítimos das persoas
- b) mediar entre as partes a fin de construír canles de comunicación e diálogo, facilitar avinzas e acordos, e previr, desactivar ou resolver conflitos
- c) recomendar, propoñer e promover cambios e melloras no conxunto do sistema universitario.

Ao longo do ano 2012 tramitáronse un total de 58 expedientes, procedendo a inmensa maioría dos mesmos do sector estudantes (42), e en moita menor proporción do sector PDI (15) e PAS (1).



No tipo de respostas efectuadas, salientamos un 20% de expedientes con resposta positiva (un 34,40%).



O tribunal de garantías é unha unidade de gasto dentro da Universidade de Vigo, cun orzamento para o ano 2012 de 24.000 euros. O total de gastos realizados durante 2012 foi de 7.309,49 euros quedando un remanente de 16.690,51.

Unha primeira reflexión sobre estes datos apunta, en contraste co comportamento de anos anteriores, a un forte incremento no número de solicitudes de intervención por parte do Tribunal de Garantías. Dito incremento queda nitidamente reflectido no número de expedientes presentado, pasando de 25 no ano 2011 aos 58 do ano 2012 tanto no número de recomendacións e propostas formuladas, así como noutras actuacións efectuadas.

Do informe elaborado polo Tribunal de Garantías se extraen dúas recomendacións fundamentais:

- I. Humanizar as normas, máis nestes tempos de crise tal e como se presentou ao Rector con data de 28/11/2012
- II. Mellorar a relación entre as partes que conforman a Universidade

Estrutura e funcionamento: servizos básicos e servizos complementarios

A Universidade de Vigo está estruturada en tres campus: Ourense, Pontevedra e Vigo (GRI 2.5). Para realizar as súas funcións nos diversos campus, a Universidade organízase dun modo funcionalmente desconcentrado. Á marxe deste triplo emprazamento nos seus diferentes campus, a Universidade de Vigo no seu conxunto está integrada por departamentos, centros (facultades e escolas), así como por aqueles centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións. Ademais, a Universidade de Vigo conta cunha serie de servizos básicos de apoio e de asistencia á comunidade universitaria no seu conxunto.

Estructura da Universidade (2012)

Nº de campus	3
Nº de centros universitarios propios	21
Nº de centros adscritos	7
Nº de centros tecnolóxicos	4
Nº de departamentos	47
Nº de áreas de coñecemento	140

Durante o ano 2012 non se produciron cambios significativos na estrutura da universidade. O conxunto dos servizos continúa a ser o mesmo. (GRI 2.9)

Servizos

Xerencia
Servizo de Alumnado
Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento
Servizo de Asesoría Xurídica
Servizo de Extensión Universitaria
Servizos Económicos
Servizos de Persoal
Servizo de Prevención de Riscos Laborais
Biblioteca
Área de Calidade
Área de Normalización Lingüística
Área de Tecnoloxías de Información e Comunicacions
Oficina de Relacións Internacionais
Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación
Unidade de Apoio á Xestión de Centros de Investigación
Unidade de Estudos e Programas
Loxística e Comunicacions: Conserxería e Parque Móbil
Unidade de Igualdade

Servizos complementarios

Gabinete de Prensa.
Área de Imaxe.
Servizo de Deportes.
Oficina de Medio Ambiente (OMA).
Centro de Linguas.
Área de Innovación Educativa.

Tampouco se produciron cambios relevantes nos seus medios físicos ou na súa infraestrutura, agás as obras en curso do novo CACTI e os procesos de humanización dos campus. A maior parte do investimento está dirixido ao mantemento e reposición das infraestruturas actuais.

Infraestructuras e servizos (2012)

Nº de edificios	28
Superficie (m2)	177.199
Nº de residencias universitarias propias	2
Nº de prazas ofertadas en aloxamentos universitarios	477
Nº de prazas ocupadas en aloxamentos universitarios	374
Instalacións deportivas (m2)	51.398
Nº de aulas	546

INFRAESTRUTURAS UVIGO

Fonte: Unidade técnica

	superficie (m ²)
Aularios	28.528,78
Laboratorios	17.621,63
Aulas informáticas	2.450,00
Outros espazos	961,00
Investigación	3.997,60
Despachos e seminarios PDI	24.778,36
Xestión e administración	3.004,12
Biblioteca, hemeroteca e arquivos	19.186,53
Servizos informáticos	798,50
Instalacións deportivas	51.398,00
Instalacións culturais	8.053,74
Outros servizos	3.845,61
Residencias universitarias	8.568,00
Aperceadoiro	4.005,98
Total	177.197,87

2.4 Premios e distincións

A Universidade de Vigo foi distinguida durante 2012 pola súa posición nalgúns dos rankings universitarios con maior recoñecemento internacional. Entre os principais logros acadados salientamos os seguintes:

- Times Higher Education - 2012-2013

A Universidade de Vigo está no TOP 400 do Ranking Mundial de universidades.

- ARWU, Ranking de Shangai 2012 - Academic Ranking of World Universities

A Universidade de Vigo está no TOP 500 do Ranking Mundial de universidades.

- Webometrics 2012 - Laboratorio de Cibermetría do CSIC

A Universidade de Vigo está no TOP 500 do Ranking Mundial Webometrics, que mide o impacto das universidades polas súas páxinas web.

- Scimago Institutions Rankings SIR Informe Mundial 2012

Produción científica (output): A Universidade de Vigo ocupa o 16º lugar das universidades en España.

- Scimago Institutions Rankings SIR Informe Iberoamericano 2012

A Universidade de Vigo está no TOP 50 de universidades iberoamericanas

- Informe CyD - Fundación Conocimiento y Desarrollo

Impacto normalizado de produción científica, posición entre universidades en España:

Ciencias dos materiais: 1st
Ciencias da computación: 2nd
Agricultura e bioloxía: 4th

Por outra banda, o Campus do Mar ten recoñecemento de campus de excelencia internacional polo Ministerio de Educación (www.campusdomar.es)

A Universidade de Vigo aposta por avanzar abertamente cara a un mellor aliñamento cos obxectivos en calidade docente e aumentar a presenza da certificación e acreditación con modelos internacionais de calidade ou excelencia.

3. A Universidade de Vigo ante a Responsabilidade Social

3.1 Obxectivos e principios da memoria

A Universidade de Vigo, no seu Plan Operativo e de Xestión 2008-2012, presenta como primeiro obxectivo estratéxico conseguir unha xestión baseada nun modelo de excelencia. Un dos obxectivos operativos para este fin é a realización dunha **memoria de responsabilidade social**. O documento que hoxe achegamos dá cumprimento ao compromiso de realizar este informe, poñendo en relación as actividades que se desenvolven cos diferentes grupos de interese.

Os obxectivos básicos que persegue a Universidade de Vigo coa elaboración desta serie de memorias son os seguintes:

- Incorporar a sustentabilidade como valor clave de xestión, buscando o equilibrio entre o curto e o longo prazo e favorecendo a evolución e a fortaleza institucional.
- Integrar o concepto de responsabilidade social no seu acervo cultural, e facer da rendición de contas e do diálogo cos grupos de interese un hábito.
- Dispor dunha ferramenta de xestión adicional que nos permita fixar obxectivos e avalialos a través do triplo balance: económico, social e ambiental.

Para a elaboración desta memoria seguíronse as recomendacións xeralmente establecidas para o *reporting* en sustentabilidade en universidades e, en particular, incorporáronse os principios establecidos pola *Global Reporting Initiative (GRI)*:

Principios para a definición do contido

- Materialidade
- Participación dos grupos de interese
- Contexto da sustentabilidade
- Exhaustividade

Principios para definir a calidade da memoria

- Equilibrio
- Comparabilidade
- Precisión
- Periodicidade
- Claridade
- Fiabilidade

3.2 Alcance e cobertura da memoria de responsabilidade social

O período cuberto por esta memoria correspóndese, en termos xerais, ao curso académico 2011-2012. Non obstante, a existencia de algúns informes de xestión que periodifican os datos por anos naturais, obríganos neses casos, a incorporar información relativa ao ano natural 2012. (GRI 3.1)

Esta memoria é a terceira dunha serie con periodicidade anual (GRI 3.3). A primeira elaborada toma por base o ano 2010 con datos do curso académico 2009-2010 (GRI 2.2) e a segunda recolle datos de 2011 con datos do curso 2010-2011.

Este informe inclúe o resultado dos impactos ambientais, económicos e sociais máis relevantes que xera a actividade da Universidade de Vigo, sen limitacións de alcance. Na súa elaboración seguíronse as indicacións e principios establecidos nas guías do *Global Reporting Initiative* (GRI) -cumpre os requisitos esixidos para o nivel C-; e cobre á Universidade de Vigo cos seus campus, e só parcialmente se dá conta daquelas entidades xuridicamente independentes en que participa a Universidade (GRI 3.6) (GRI 3.7) (GRI 3.8)

A elaboración desta memoria foi posible grazas á contribución dun equipo de persoas coordinadas pola Vicerreitoría de Economía e Planificación,¹ (GRI 3.4).

En xeral, os datos proceden das memorias de actividades e informes elaborados polas distintas áreas da universidade (GRI 3.9). Non se deron cambios significativos desta Memoria respecto ás anteriores no referente á cobertura e aos métodos de valoración aplicados. (GRI 3.11)

Atendendo ao principio de mellora continua e enfoque participativo que nos inspira, esperamos que os distintos grupos de interese fagan as súas contribucións cara a perfeccionar as políticas de responsabilidade Social da Universidade de Vigo e a calidade desta serie de memorias.

3.3 Os nosos grupos de interese

(GRI 4.15) Na Universidade de Vigo, pola natureza do noso cometido, somos conscientes do alto grao de impacto que a nosa actividade xera sobre a sociedade e o medio natural. Este impacto canalízase a través do noso persoal docente e investigador, dos nosos alumnos e do persoal administrativo e de servizos. Estes tres colectivos forman parte dun grupo de interese interno que representa unha das canles polas que a Universidade consegue xerar valor na sociedade.

Para poder levar a cabo a nosa actividade e para poder incorporar novas necesidades e tendencias, creamos sinerxías con institucións, redes e organizacións do ámbito académico e, especialmente, do universitario.

Consideramos tamén grupos de interese a todos aqueles provedores de servizos e outros colectivos que dan soporte á nosa actividade e que fan posible que a universidade funcione adecuadamente, facilitando a consecución dos nosos obxectivos.

Datos de contacto:

Enderezo: Edificio Reitoría, Campus universitario de Vigo

tf: +34986813440

vicplan@uvigo.es

Alumnado. O alumnado é un pilar fundamental da Universidade, a nosa razón de ser. Dende unha visión integral, a Universidade de Vigo non só dota aos estudantes de competencia profesional para o seu futuro desenvolvemento laboral, senón que proporciona todos os recursos

necesarios para formar persoas responsables, con capacidade crítica e valores éticos que conforman a sociedade actual e futura.

Persoal. O persoal constitúe o activo máis valioso, é sen dúbida un dos grupos de interese de maior importancia para a Universidade. Integrado en conxunto por persoal docente e investigador e de administración e servizos, sabemos que del depende a calidade da docencia, da investigación e dos servizos de xestión e apoio. É o principal recurso da Universidade, e por iso tratamos de crear o mellor contorno de traballo potenciando a formación, promoción e crecemento persoal.

Órganos de goberno. Grupo específico dentro do persoal que está encargado da condución política e das tarefas executivas da institución.

Empresas e institucións. Serán as principais receptoras dos nosos titulados, colaboran coa Universidade de Vigo a través dos distintos programas tanto no ámbito formativo coma no da investigación.

Colaboradores. Fundacións, asociacións, organizacións empresariais, sindicatos, centros de ensino e outras son institucións que, con carácter estratéxico, impulsan e xeran valor engadido ao noso labor. Colaborando coa Universidade de Vigo axúdannos a impulsar a docencia práctica e a creación de coñecemento aplicado, contribuíndo ao desenvolvemento da comunidade universitaria.

Ámbito universitario. Incluímos neste grupo a calquera entidade do ámbito universitario, xa sexan outras universidades, ou redes e órganos universitarios.

Provedores. Son aqueles que provén de bens materiais, fornecementos ou servizos á Universidade, facendo posible o seu correcto funcionamento.

Sociedade. Entendida como a beneficiaria última da nosa actividade, e sobre a que a universidade xera o seu impacto social. Potenciamos o diálogo coa sociedade a través dos seus diferentes representantes como a comunidade local, as organizacións sen ánimo de lucro, os medios de comunicación...

Administración Pública. Fundamental e necesaria para poder desenvolver a nosa actividade, establecemos un diálogo de carácter bidireccional que achega valor en ambos os organismos.

3.4 Achega da Universidade de Vigo á responsabilidade social como disciplina

Á marxe de desenvolver e mellorar a nosa responsabilidade social, dende a Universidade de Vigo entendemos que como entidade xeradora de coñecemento, e polo impacto social da institución, debemos apoiar, mediante diferentes políticas e accións, a difusión e consolidación da propia responsabilidade social como disciplina.

Cada vez con máis motivos, a oferta formativa inclúe a responsabilidade social como eixe transversal en diferentes estudos de grao e posgrao; mesmo conformando por si mesma o obxecto de estudo fundamental en programas académicos e cursos específicos.

En canto á oferta de master e cursos de posgrao, a Universidade de Vigo respondeu ao aumento da demanda de formación de terceiro ciclo en materia de responsabilidade social. A continuación preséntanse os master que se ofertaban que, ou ben fan mención expresa ao termo RSE no título, ou ben gardan unha relación directa co tema:

- Administración integrada de empresas: responsabilidade social corporativa, calidade e medio ambiente.
- Xestión do desenvolvemento sostible.
- Enerxía e sostibilidade.
- Tecnoloxía medioambiental.
- Menores en situación de desprotección e conflito social.

Dende a propia área de voluntariado, colabórase no desenvolvemento de estudos e traballos sobre temas relacionados co voluntariado e cos problemas sociais do contorno, e realízanse cursos de verán e de formación específica noutras accións promovidas dende a propia universidade, ou en colaboración con outras institucións (Dirección Xeral de Voluntariado, Concellos...).

A pertenza da Universidade de Vigo a diferentes redes e plataformas específicas sobre a responsabilidade social (Rede UNIRSE, RSE Galicia...) evidencian a nosa implicación e compromiso coa responsabilidade social en xeral, e coa responsabilidade social universitaria en particular.

4. Transparencia e sostibilidade na xestión económica

Desde a perspectiva da RSU debemos analizar tanto o cumprimento dos compromisos asumidos e resultados obtidos, como a transparencia na xestión co fin último de avaliar a sustentabilidade económica e financeira de da Universidade de Vigo.

Na meta estratéxica 6ª do Plan Estratéxico 2008-2012 da Universidade de Vigo establécese que a universidade está “comprometida coa igualdade, cunha cultura organizativa vertebradora e con sistemas de xestión flexibles e eficaces”, e especificamente na súa Liña Estratéxica 6.5 establécese como obxectivo: “reforzar a xestión económica baseada nos compromisos orzamentarios aprobados polos órganos de goberno e nas normas de execución e control do gasto”

A institución elabora anualmente unha extensa memoria económica (Memoria Económica do exercicio 2012) como “sistema de rendición de contas que mellore o actual de cara ao seu aliñamento coas estratexias da Universidade e unha maior eficacia na súa execución” e que está a disposición de toda a comunidade universitaria na súa páxina Web.

4.1. Xestión orzamentaria e situación económico - patrimonial da Universidade de Vigo

Os cadros seguintes amosan tanto os orzamentos provisionais coma os definitivos da Universidade de Vigo, engadindo ás previsións iniciais as modificacións realizadas ao longo do exercicio.

No relativo os ingresos son de destacar as variacións positivas acadadas nos artigos IV e VII, transferencias e subvencións correntes e de capital respectivamente, reflicten o éxito acadado nas convocatorias competitivas polos proxectos institucionais: Erasmus Mundus - Green It, ECORRAE, BIOCAPS, etc.

O orzamento de gastos apróbase e liquídase formalmente en equilibrio, polo tanto o orzamento definitivo de gastos é idéntico ao de ingresos, acadando a cifra de 178.796.207€, un 1,98% menos que no exercicio precedente.

No conxunto, o máis relevante é a consecución do equilibrio financeiro e a inexistencia de déficit na institución en termos da Contabilidade Nacional, co sistema europeo de contas (SEC95).

Orzamento de ingresos inicial e definitivo por capítulos. Ano 2012 (€)

<i>Capítulos</i>	<i>Créditos iniciais</i>	<i>Modificacións</i>	<i>Créditos definitivos</i>
------------------	------------------------------	----------------------	---------------------------------

III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.854.000	1.076.669	16.930.669
IV. Transferencias e subvencións correntes	111.547.353	2.916.878	114.464.231
V. Ingresos patrimoniais	190.000	1.343	191.343
OPERACIÓNS CORRENTES	127.591.353	3.994.889	131.586.242
VI.- Alleamento de investimentos reais	0	0	0
VII.-Transferencias e subvencións capital	19.318.964	2.563.554	21.882.518
OPERACIÓNS DE CAPITAL	19.318.964	2.563.554	21.882.518
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	146.910.317	6.558.443	153.468.760
VIII. Variación de activos financeiros	16.059.428	9.059.556	25.118.984
IX. Variación de pasivos financeiros	0	208.463	208.463
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	16.059.428	9.268.019	25.327.447
TOTAL	162.969.745	15.826.462	178.796.207

Orzamento de gastos inicial e definitivo por capítulos. Ano 2012 (€)

I. Gastos de persoal	93.598.000	0	93.598.000
II. Gastos correntes en bens e servizos	24.997.707	3.983.015	28.980.722
III. Gastos financeiros	50.000	140.000	190.000
IV. Transferencias correntes	7.790.471	902.597	8.693.068
V. Fondo de continxencia	360.000	-360.000	0
OPERACIÓNS CORRENTES	126.796.178	4.665.611	131.461.789
VI. Investimentos reais	33.581.567	10.857.992	44.439.559
VII. Transferencias capital	0	198.895	198.895
OPERACIÓNS DE CAPITAL	33.581.567	11.056.887	44.638.454
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	160.377.745	15.722.498	176.100.243
VIII. Activos financeiros	50.000	0	50.000
IX. Pasivos financeiros	2.542.000	103.963	2.645.963
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	2.592.000	103.963	2.695.963
TOTAL	162.969.745	15.826.462	178.796.207

Fonte: Memoria económica do exercicio 2012

No que toca ás diferenzas entre o orzamento inicial e a memoria liquidada, isto é, o que se agarda antes do comezo do exercicio e o que sucede, podemos confirmar no cadro seguinte como o

valor das modificacións orzamentarias e comparativamente baixo, téndose reducido nos dous últimos exercicios verbo dos precedentes. Estes porcentaxes de modificación son, ademais, inferiores aos que presentan as universidades públicas en promedio (informe da Fundación Conocimiento y Desarrollo 2012).

Evolución do orzamento e as súas modificacións (2008-2012)

	2008	2009	2010	2011	2012
Orzamento inicial	174.183.672	182.217.836	176.000.320	167.903.853	162.969.745
Modificacións orzamentarias	33.368.862	21.932.355	22.633.252	14.506.050	15.826.462
<i>Xeracións de crédito</i>	<i>5.906.409</i>	<i>2.516.699</i>	<i>2.676.773</i>	<i>1.388.059</i>	<i>6.766.906</i>
<i>Incorporación de remanentes</i>	<i>28.272.453</i>	<i>19.415.656</i>	<i>19.956.478</i>	<i>13.117.991</i>	<i>9.059.556</i>
<i>Transferencias de crédito</i>	<i>20.463.717</i>	<i>581.725</i>	<i>1.646.826</i>	<i>5.702.449</i>	<i>2.494.981</i>
Orzamento definitivo	207.552.534	204.150.191	198.633.572	182.409.903	178.796.207

Fonte: Memoria económica do exercicio 2012

Situación económico - patrimonial da Universidade de Vigo

A Conta de Resultados da Universidade de Vigo a 31 de decembro de 2012 amosa un resultado positivo de 2.220.621,54€, o que mellora sustantivamente o resultado do exercicio precedente, onde se acadara un resultado negativo de 11.537.588€, o que supón unha mellora moi significativa respecto o 2011.

Conta do resultado económico patrimonial 2012-2011 (€)

DESCRICIÓN	Exercicio 2012	Exercicio 2011
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	8.767,70	7.291,90
2. Transferencias e subvencións recibidas	126.697.790,58	132.988.505,50
3. Ventas netas e prestación de servizos	23.051.629,02	20.144.357,57
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	4.208.315,61	299.558,85
A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA	153.966.502,91	153.439.713,82
8. Gastos de persoal	94.819.045,98	98.951.642,57
9. Transferencias e subvencións concedidas	7.270.089,19	7.737.625,57
11. Outros gastos de xestión ordinaria	41.347.980,84	47.403.134,01
12. Amortizacións de inmovilizado	9.464.633,07	12.145.057,17
B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA	152.901.749,08	166.237.459,32
I. Resultado da xestión ordinaria (A-B)	1.064.753,83	-12.797.745,50
13. Deterioro do valor e resultados polo alleamento do inmovilizado non financeiro e activos	111.809,33	-54.598,67
14. Outras partidas non ordinarias	721.363,74	1.333.771,24
II. Resultado das operacións non financeiras (I-13+14)	1.897.926,90	-11.518.572,93
15. Ingresos financeiros	715.727,29	436.927,75

16. Gastos financeiros	-164.846,23	-210.192,19
20. Deterioro do valor, baixas e alleamentos de activos e pasivos financeiros	-228.186,42	-245.750,61
III. Resultado das operacións financeiras (15-16-20)	322.694,64	-19.015,05
IV. Resultado Neto do Exercicio (II+III)	2.220.621,54	-11.537.587,98

Fonte: Memoria económica do exercicio 2012

Pola súa banda, o Balance como estado contable reflicte a situación patrimonial da universidade a 31 de decembro de 2012, así como as cifras comparativos do exercicio anterior. Estes datos, amosan unha moi elevada solidez patrimonial e financeira, caracterizada pola práctica inexistencia de pasivos a curto prazo e o peso dos recursos propios na estrutura financeira da institución.

Balance de situación da Universidade de Vigo 2012-2011 (€)

DESCRIPCIÓN	Exercicio 2012	Exercicio 2011
A) ACTIVO NON CORRENTE	218.743.172,47	225.785.957,68
I. Inmobilizado intanxible	777.993,49	937.861,23
II. Inmobilizado material	212.117.448,19	218.544.346,81
IV. Investimentos financeiros a longo prazo en entidades do grupo	5.847.730,79	5.912.193,25
V. Investimentos financeiros a longo prazo	0,00	391.556,39
B) ACTIVO CORRENTE	67.645.644,67	59.008.642,47
III. Debedores e outras contas a cobrar	43.339.227,75	29.810.517,62
V. Investimentos financeiros a curto prazo	700.464,99	1.537.664,85
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	23.605.951,93	27.660.460,00
TOTAL ACTIVO (A+B)	286.388.817,14	284.794.600,15
A) PATRIMONIO NETO	242.363.935,84	239.797.195,85
I. Patrimonio	268.318.132,87	271.107.577,71
II. Patrimonio xerado	-25.954.197,03	-31.310.381,86
B) PASIVO NON CORRENTE	24.638.167,35	27.183.667,83
I. Provisións a longo prazo	5.085.545,35	5.085.545,35
II. Débedas a longo prazo	19.552.622,00	22.098.122,48
C) PASIVO CORRENTE	19.386.713,95	17.813.736,47
II. Débedas a curto prazo	3.039.244,34	2.542.000,00
IV. Acredores por operacións de xestión	7.824.588,94	3.504.309,52
V. Axustes por periodificación	8.522.880,67	11.767.426,95
TOTAL PASIVO (A+B+C)	286.388.817,14	284.794.600,15

Fonte: Memoria económica do exercicio 2012

No tocante a situación de tesourería, o saldo a 31 de decembro de 2012 é de 23.605.951,93€. Os diversos indicadores de liquidez recollidos na Memoria Económica amosan unha boa situación de dispoñibilidade de tesourería, e polo tanto, de capacidade de atención de pagos con respecto a responsabilidade cos seus debedores.

4.2 Relación económica cos grupos de interese

Neste apartado detállanse os fluxos de capitais con respecto aos diferentes grupos de interese que recoñecemos con carácter de maior relevancia para a Universidade de Vigo. Por unha banda, está a análise daqueles grupos máis próximos á actuación da Universidade e con fluxos económicos directos.

Os principais grupos de interese tratados son: o persoal da universidade, os entes implicados nos investimentos de infraestrutura e os beneficiarios da partida de transferencias correntes.

Persoal e traballadores da Universidade

Se realizamos unha análise polo miúdo dos **gastos de persoal**, o seu importe acadou no 2012 os 88.864.951€, o que supón que ao igual que en 2011 dáse un decrecemento na partida, o cal acaba o valor de 4.548.333 € en termos absolutos e dun (-) 4,87% porcentual verbo do ano 2011 .

Gasto de persoal (obrigas contraídas) 2011-2012 (€)

Denominación	2012	Importe da variación s/ 2011	% de variación s/ 2011	2011
Altos cargos e persoal eventual	369.746	-31.071	-7,75%	400.817
Funcionarios	50.645.790	-1.512.692	-2,90%	52.158.482
Laborais	9.388.182	-766.630	-7,55%	10.154.812
Outro Persoal	15.855.148	-2.011.985	-11,26%	17.867.133
Incentivos ao rendemento	737.379	11.658	1,61%	725.721
Gastos Sociais	11.868.707	-237.612	-1,96%	12.106.319
TOTAL	88.864.951	-4.548.333	-4,87%	93.413.284

Fonte: Memoria económica do exercicio 2012

A orixe principal desta situación está na minoración salarial dos traballadores do sector público como consecuencia establecida polo Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo (BOE nº 168 de 14/7/2012) de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Investimentos: (GRI EC8)

O **investimento** no 2012 chega aos 27.105.701 €, cun crecemento dun 0,02% respecto ao 2011.

No que se refire aos investimentos asociados ao funcionamento dos servizos, prodúcese unha recuperación do gasto entre o 2012 e o 2011, dun 17,28% porcentual e dun neto de 1.508.769€.

O comportamento dos gastos en investimentos de carácter inmaterial mantén a liña de caída do exercicio precedente. O gasto acaba os 16.863.161€, o que implica un decrecemento moderado dun (-) 8,19% respecto ao 2011 (-1.504.062€). Os motivos radican basicamente na baixada das

axudas a investigación da Xunta de Galicia e do Estado, non compensada polos incrementos acadados polos grupos de investigación da universidade nas convocatorias europeas.

Investimento (obrigas recoñecidas) 2011-2012 (€)

Denominación	2012	Importe da variación s/ 2011	% de variación s/ 2011	2011
Investimentos asociados ao funcionamento dos servizos	10.242.540	1.508.769	17,28%	8.733.771
Gasto en investimentos de carácter inmaterial	16.863.161	-1.504.062	-8,19%	18.367.223
TOTAL	27.105.701	4.707	0,02%	27.100.994

Beneficiarios das transferencias correntes

O **gasto en transferencias correntes** acadou un importe de 7.077.014€, cun decrecemento de 265.036€ verbo ao 2011 e unha variación porcentual dun (-) 3,61% (ver cadro 16).

Dada a situación económica desfavorable da contorna, segue a manterse a liña de traballo e o compromiso establecido pola universidade en exercicios precedentes, cunha clara aposta pola internacionalización e polo programa de bolsas e axudas, se ben no primeiro caso afectado pola minoración das partidas estatais destinadas a este fin.

Gasto en transferencias correntes 2011-2012 (€)

Denominación	2012	Importe da variación s/ 2011	% de variación s/ 2011	2011
Transferencias a entidades públicas	1.413.553	-320.135	-18,47%	1.733.688
Transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro (bolsas e subvencións)	3.580.939	281.681	8,54%	3.299.258
Transferencias ao exterior (intercambios ERASMUS, LIG, etc)	2.082.522	-226.582	-9,81%	2.309.104
TOTAL	7.077.014	-265.036	-3,61%	7.342.050

4.3. Contratación Administrativa e responsabilidade na cadea de aprovisionamentos

A Universidade de Vigo está na procura de incorporar paulatinamente criterios de responsabilidade social para a inclusión de cláusulas e prescricións na contratación pública correspondentes ós distintos tipos de contratos administrativos.

En tres dos expedientes licitados, un dos criterios utilizados para o caso de desempate foi que esas empresas tiveran no seu cadro de persoal persoas con discapacidade, en concreto unha porcentaxe do 2%, en particular os seguintes: 305/12: Servizo de apoio psicopedagóxico aos

estudantes da Universidade de Vigo no Campus de Ourense; 307/12 Servizo de Campus Camp 2012 (Campus de Vigo e Pontevedra); 303/12 Servizo de limpeza respectuoso co medio ambiente e coa seguridade e saúde laboral nos centros e instalacións da Universidade de Vigo - 8 lotes.

No expediente de limpeza vixente actualmente establecíase no prego de prescricións técnicas determinados requisitos previos e eliminatorios, tales como medidas de impacto medioambiental, condicións especiais de execución en materia medioambiental e laboral.

No expediente relativo á escola infantil o prego de prescricións técnicas tamén usa como criterio previo e eliminatorio a existencia dun modelo de tratamento e atención de alumnos con necesidades especiais.

Contratación Administrativa

O Servizo de xestión económica e contratación é o que fundamentalmente leva a cabo a xestión dos expedientes xerados pola contratación administrativa, agás os procedementos negociados de subministracións e servizos por razón de contía, que se atopan desconcentrados nos/as Administradores/as de ámbitos/centros respecto das partidas descentralizadas.

Comparativo do volume de contratación Exercicios 2012/2011

	Exercicio 2012	Exercicio 2011	Diferenzas (valor absoluto)	Diferenzas (porcentuais)
Importes de licitación	18.269.414	11.946.695	6.322.719	52,92%
Número de expedientes	49	43	6	13,95%

No exercicio, no cómputo total, prodúcese un incremento tanto no número de expedientes licitados, como no importe licitado por procedemento aberto ou negociado, baixo xestión centralizada. Isto ven motivado polo carácter cíclico dalgúns contratos de servizos e polo aumento na captación de financiamento alleo.

A continuación, amósase un resumo das adxudicacións, distinguindo por tipos de contrato e a súa vez polos procedementos e formas de adxudicación. En comparación co exercicio precedente, prodúcese un incremento salientable dos expedientes por procedementos abertos, que por primeira vez superan en número aos procedementos negociados.

Resumo por tipo e procedemento de adxudicación no Exercicio 2012

Tipo de Contrato	Obras	Servizos	Subministracións	Total
Procedemento Aberto	2	7	23	32
Procedemento Negociado	2	3	12	17
Total	4	10	35	49

Resumo por tipo, importes e ratios principais no Exercicio 2012

Tipo de Contrato	Obras	Servizos	Subministracións	Total
Importe de Licitación	7.597.512	1.120.222	9.551.680	18.269.414
Importe de Adjudicación	5.716.035	906.917	8.311.775	14.934.727
Diferenzas (valor absoluto)	-1.881.477	-213.305	-1.239.905	-3.334.687
Diferenzas (porcentuais)	-24,76%	-19,04%	-12,98%	-18,25%

No cadro anterior obsérvase que as baixas producidas acadaron un importe de 3.334.687€, un 18,25% porcentual verbo dos importes de licitación, consonte os resultados acadados en exercicios anteriores.

5. A Xestión Medioambiental

5.1. Política ambiental

O compromiso co desenvolvemento sostible, a eficiencia dos recursos e o respecto ao medio ambiente, supoñen un eixo transversal e ineludible da responsabilidade social da Universidade de Vigo e das súas relacións tanto cos membros da comunidade universitaria como coa sociedade no seu conxunto.

No ano 1999 a institución, consciente do impacto negativo que poden xerar as súas actividades no contorno, creou a Oficina de Medio Ambiente (OMA) hoxe dentro do organigrama do Vicerreitorado de Economía e Planificación como servizo responsable da política medioambiental.

A Oficina de Medio Ambiente (OMA) é o servizo responsable da política ambiental que se aplica nos campus. As principais funcións da OMA son as seguintes:

- Asesorar á comunidade universitaria en temas relacionados co medio ambiente.
- Fomentar un desenvolvemento sostible.

- Intervir nas actuacións que poidan afectar negativamente ás condicións e compoñentes da Universidade.
- Coordinar accións encamiñadas a aumentar a calidade ambiental e
- sensibilización da comunidade universitaria sobre a necesidade das actividades que se realizan dende a OMA.

As principais liñas de traballo cara á consecución dos obxectivos mencionados son:

- Responsabilidade ambiental da Universidade de Vigo: preservación de recursos naturais do contorno universitario, asesoramento á Universidade en cuestións relacionadas co medio ambiente, control e propostas de minimización do gasto enerxético, xeración de residuos, contaminación etc.
- Xestión de residuos: clasificación de tipos de residuos que son xerados pola Universidade de Vigo, xestión individualizada de cada tipo de residuo adecuada ás súas características mediante xestores autorizados, aplicación dos principios de redución, reutilización e reciclaxe a través de distintas actuacións.
- Educación e sensibilización ambiental: identificación de necesidades formativas e de sensibilización da comunidade universitaria en relación ás diferentes problemáticas ambientais; planificación, organización e colaboración en actividades de información ambiental dirixidas tanto á comunidade universitaria como a todos aqueles colectivos interesados por estas actividades; planificación e desenvolvemento de campañas informativas e de sensibilización mediante o uso de diferentes soportes.
- Conservación de espazos naturais: creación de novos hábitats naturais e mantemento dos existentes; fomento da colonización de hábitats por especies animais; implantación de programas de restauración da cuberta vexetal; eliminación de especies invasoras.
- Contratación e edificación sostibles: introdución de criterios ambientais nos contratos das distintas empresas (limpeza, conservación de espazos naturais, reprografía...) e control da súa actividade co fin de introducir melloras futuras; identificación do impacto ambiental dos proxectos de edificación e das construcións existentes cara á minimizalos.

5.2 Actividades e iniciativas en política ambiental 2011/2012 (GRI EN6, EN7, EN14)

Durante o curso 2011-2012 a Oficina de Medioambiente (OMA) da Universidade de Vigo, coordinou e promoveu as liñas de conservación ambiental que se aplicaron nos campus. As principais actividades despregadas ao longo do devandito curso son as seguintes:

- Implantación dun sistema de xestión ambiental (SXA) nas instalacións dos servizos de deportes e bibliotecas. Durante este curso iniciouse na biblioteca central e no servizo de deportes de cada un dos tres campus o proceso de implantación dun sistema de xestión ambiental conforme os requisitos da norma ISO 14001:2004.
- Recollida de residuos perigosos (RP) dos laboratorios e servizos da Universidade de Vigo
- Recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs) En colaboración co GRUVI (Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo) na selección do material informático potencialmente reutilizable, e o conseguinte traslado deste dende os distintos centros ao taller do GRUVI. Este material recuperado dóase a través de distintas convocatorias públicas, a institucións e entidades sen ánimo de lucro. O resto do material non reutilizable/reciclable recóllese e envíase ao xestor autorizado (Xesgal).
- Estudo da pegada de carbono e pegada ecolóxica da Universidade de Vigo. Este proxecto ten un importante interese e utilidade, debido a que pon de manifesto un compromiso de mellora continua da institución de cara á redución de emisións e á eficiencia enerxética. Así mesmo, actúa como instrumento de sensibilización social da comunidade universitaria, fomentando prácticas máis sustentables no exercicio e uso das actividades desta universidade

Ademais, durante o ano 2012, a Universidade de Vigo desenvolveu un conxunto de iniciativas entre as que podemos destacar as seguintes:

- Proxecto de mellora levado a cabo durante 2012 en materia de racionalización do gasto eléctrico (entre as que podemos destacar a reforma de arranques automáticos da iluminación exterior) . Con ao redor de 900.000 euros investidos neste concepto, unha parte foi subvencionada polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).
- Programa de condución eficiente a través de cursos onde se promoveu o uso do transporte público, o uso compartido do coche particular e a promoción do día sen coches. Durante o período que leva en marcha este programa participaron 200 persoas en 50 traxectos diferentes.
- Campaña de doazón de reactivos de laboratorio en desuso.
- Colaboración activa coa campaña de reciclaxe de teléfonos móbiles, lanzada polo Instituto Jane Goodall España. Cada ano recóllense entre 70-100 móbiles que a OMA remite á devandita fundación.
- Colaboración no proxecto EcoRAEE co obxectivo de avaliar a análise do ciclo de vida (ACV) do proceso de reutilización dun RAEE e comparalo posteriormente coa ACV do proceso de Reciclaxe. Trata de demostrar que aumentar a vida útil dos aparellos eléctricos e electrónicos é unha solución viable económica, técnica e ambientalmente para este tipo de residuos, que representan o 4% do total do lixo xerado en Europa.
- Dentro do programa de Educación Ambiental “Universidade e Natureza”, desenvolvéronse actividades de divulgación e sensibilización mediante a realización de itinerarios dirixidos a escolares de tódolos centros educativos do Concello de Vigo e arredores.
- A Unidade de Xardinería da universidade segue unha política de conservación dos ecosistemas naturais e da diversidade biolóxica con unha serie de accións que van na liña de mellorar o servizo racionalizando o gasto e promovendo iniciativas e ecosustibilidade.
- Convocatoria de dúas bolsas de formación en desenvolvemento sustentable e xestión ambiental da Universidade de Vigo na Oficina de Medioambiente.
- Convocatoria de cinco bolsas para a formación complementaria de alumnado da Universidade de Vigo Plan SuMA (plan de sustentabilidade e medioambiente), nos programas de eficiencia enerxética e sustentabilidade (ESE), instalacións singulares de I+D (ISI), contorno natural e patrimonial (CONTORNOS) e reciclaxe e reutilización de residuos (R3)
- Estudo dos recursos hídricos do campus Lagoas-Marconsende
- Estudio e aplicación de medidas de control e eliminación de especies invasoras en hábitats nos sistemas naturais e seminaturais acuáticos do campus Lagoas-Marcosende.

5.3. A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo

Por segundo ano consecutivo, a Universidade de Vigo, publicou na páxina Web da OMA <http://webs.uvigo.es/oma> o seu informe sobre a pegada de carbono no que rexistra o impacto que ten esta institución sobre o medioambiente.

Dentro dos indicadores globais que miden de xeito conxunto os efectos ambientais dunha actividade ou poboación, atópase a chamada pegada ecolóxica. Este concepto foi introducido no ano 1990 por Mathis Wackernagel e William Rees da Universidade de British Columbia e pódese definir como a superficie de terra e auga que require unha poboación para producir os recursos que consome e absorber os residuos que produce, utilizando a mellor tecnoloxía dispoñible.

A pegada ecolóxica componse de subpegadas, sendo das máis relevantes, en función dos seu impacto directo no cambio climático, a pegada de carbono. Este indicador defínese como a totalidade de GEI (Gases de Efecto Invernadoiro), expresados en unidades de CO₂, emitidos directa e indirectamente por un individuo, organización, servizo ou produto, durante todo o seu ciclo de vida.

Na realización deste estudo analízanse os principais recursos utilizados e as emisións xeradas por eles nas actividades diarias da universidade. Nas devanditas actividades inclúense tres grandes colectivos: o alumnado, o persoal docente e de investigación (PDI) e o persoal de administración e servizos (PAS).

Tomouse como referencia a ferramenta de análise, cálculo e comunicación, establecida no Protocolo de Gases de Efecto Invernadoiro (GHG Protocol), que foi desenvolvido polo World Resources Institute (WRI) e o World Business Council for Sustainable Development (WBCSD), xunto coa colaboración de empresas, gobernos e grupos ambientalistas de todo o mundo, co fin de construír unha nova xeración de programas informáticos efectivos, con validez e fiabilidade á hora de abordar a problemática do cambio climático.

O GHG Protocol ofrece unha base para a contabilidade e reporte de GEI nas empresas, de modo que garante o realismo e veracidade dos datos. Para iso utiliza unha serie de principios nos que se debe basear calquera informe de contabilidade e reporte de GEI. Os principios son relevancia, integridade, consistencia, transparencia e precisión.

Tal e como define o GHG Protocol, que é a metodoloxía de cálculo utilizada neste estudo, defínense tres tipos de alcances:

- Alcance 1, agrupa todas as fontes de emisión directa de GEI. Nel inclúense as emisións xeradas polo gasóleo, o gas natural e a mobilidade do Servizo do Parque Móbil da universidade.
- Alcance 2 engloba as fontes de emisión indirecta asociadas á electricidade.
- Alcance 3 recolle todo o resto de actividades de emisión indirecta de GEI; no noso caso trátase do consumo de auga e de papel, a mobilidade, a produción de residuos (perigosos e asimilables a urbanos) e a edificación.


O cálculo da pegada ecolóxica para toda a Universidade de Vigo, seguindo a metodoloxía descrita da como resultado os seguintes valores:

Pegada ecolóxica (ha/persoa/ano) da UVIGO, no ano 2012.

Emisións totais (Tm CO ₂)	Pegada ecolóxica (ha/ano)	Pegada ecolóxica (ha/persoa/ano)
22 096	4 240	0,188

A evolución no tempo da *pegada de carbono* é unha ferramenta que utiliza a UVIGO para identificar as actividades que requiren melloras, ou nas que é posible introducilas de cara á redución de GEI e, deste xeito, procurar unha mellora ambiental continua.

A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo. Ano 2012



A pegada de carbono do 2012, expresada en toneladas de CO2 por persoa, diminuíu arredor dun 12% con respecto á do 2009. En boa medida isto é debido a todos os proxectos de eficiencia enerxética e prácticas máis sustentables acometidas pola universidade no exercicio das súas actividades ao longo destes anos.

Facendo unha análise pormenorizada de cada fonte de emisión, expóñense a continuación os resultados globais por fonte e campus:

Emisións totais (Tm CO2) da UVIGO por fonte de emisión e por campus. Ano 2012.

	Electricidade	Gasóleo	Gas natural	Mobilidade	Auga	Papel	Residuos	Edificación	TOTAL
Vigo	3 371	1 493	451	8 627	27	371	N.D.	2 201	16 541
Pontevedra	455	495	N.U.	832	6	94	N.D.	618	2 500
Ourense	859	626	N.U.	673	13	127	N.D.	747	3 044
TOTAL	4 685	2 614	451	10 132	46	592	10	3 566	22 095


N.U. Non utilizado; N.D. Non dispoñible.

Avaliando a Universidade de Vigo no seu conxunto, pódese identificar como principal fonte de emisión de CO2 a mobilidade, cunha porcentaxe de emisións do 47%, seguida do consumo eléctrico e a edificación. En cambio se analizamos estes datos por campus, pódese observar que estas porcentaxes varían considerablemente.

Nun segundo posto atópase a fonte “consumo eléctrico” cunha porcentaxe do 22% e a edificación contribúe cum 16% á pegada ecolóxica global. O gasóleo achega tamén unha importante parte de emisións á pegada de carbono, con valores que chegan ao 12% no ano 2012. Este tipo de combustible é utilizado para calefacción na gran maioría das instalacións e centros O papel, os residuos, o gas natural e a auga supoñen unha achega moi baixa de emisións en comparación coas fontes anteriormente comentadas.

Porcentaxe de emisións globais de CO2 por fonte de emisión e por campus. Ano 2012

A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo. Ano 2012



Fontes de Captación

As especies vexetais, a través de procesos naturais, son quen de fixar carbono. Esta característica confírelles especial importancia ás masas vexetais, que actúan como verdadeiros sumidoiros de CO2. A UVIGO conta con grande extensión de zonas verdes, entre axardinadas e seminaturais, que contribúen á captura de CO2.


Estas zonas verdes ocupan arredor dunhas 112 ha, presentando unha grande heteroxeneidade en canto ao seu tipo e composición: espazos axardinados, pradarias ornamentais, espazos naturalizados, espazos forestais e espazos verdes en infraestruturas. Por iso o factor de fixación utilizado non se corresponde co do bosque galego, e aínda que se asume que as emisións van ser inferiores, utilízase o factor do IPCC 5,21 Tm CO2/ha/ano para facer o cálculo. Finalmente, tras a aplicación do factor de fixación, pódese sinalar que as emisións fixadas pola superficie verde da universidade son arredor de 600 Tm de CO2 por ano.

Comparativa Interanual

Analizando os datos anuais das emisións de CO₂ relativos a cada un dos alcances, pódese observar que as emisións directas derivadas principalmente do consumo de combustibles fósiles (gas natural e gasóleo), englobadas dentro do alcance 1, medraron dende o ano 2010. Isto vén dado principalmente polo aumento no número de edificios que utilizan o gas natural como fonte enerxética. As emisións indirectas relativas ao alcance 2 (fontes asociadas á electricidade) amosaron un leve incremento dende o ano 2010, ligado a un aumento progresivo do factor de emisión de electricidade (pasando dun 0,16 kg de CO₂/kWh no ano 2010 ao actual 0,32 gr CO₂/kWh. Por último, as emisións indirectas englobadas no alcance 3 (emisións de CO₂ asociadas á mobilidade, ao consumo de papel e auga, e á produción de residuos) reducíronse case nun 6% en relación co ano 2011. Esta diminución derivouse principalmente da redución das emisións asociadas á mobilidade.

As emisións totais da universidade, que para os anos 2010 e 2011 eran de 22.496 e 23.371 Tm de CO₂ respectivamente, diminuíron no 2012 ata as 20.934 Tm de CO₂.

A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo. Ano 2012



Comparativa de pegada de carbono en Tm CO₂/ano en Tm CO₂/persoa/ano en distintas universidades.

Para valorar a magnitude da pegada de carbono da UVIGO é salientable facer unha comparativa con valores doutras universidades. Usaremos as pegadas de carbono das distintas universidades en Tm/ano.

A nosa institución presenta unha gran desvantaxe fronte a outras universidades debido ás súas características de localización, que condicionan unhas emisións asociadas á mobilidade moi elevadas. Para mitigar este inconveniente, nas comparativas das emisións exclúíronse as emisións relativas a mobilidade.

*Comparativa de pegadas ecolóxicas entre distintas universidades. *Unidades: hectáreas por persoa (per capita):*

	Localización	Ano	Pegada ecolóxica
Universidade de Vigo	Vigo (España)	2012	0,19 ha/cap
Universidade da Coruña	Coruña (España)	2008	0,15 ha/cap
Univ. Santiago de Compostela	Santiago Comp. (Esp.)	2008	0,13 ha/cap
Universidad de León	León (España)	2006	0,45 ha/cap
Univ. Toronto at Mississauga	Ontario (Canadá)	2008	0,91 ha/cap
University of Newcastle	Newcastle (Australia)	1999	0,19 ha/cap
University of Redlands	California (EE.UU.)	1998	0,85 ha/cap
University of Holme, LacyCollege	Herefordshire (Inglat.)	2001	0,64 ha/cap

A pegada ecolóxica da UVIGO (0,19 ha/cap) atópase entre as máis baixas das universidades analizadas. Á vista dos resultados obtidos por outras universidades españolas (Táboa 22) como a de León (0,45 ha/cap) ou a de Santiago de Compostela (0,13 ha/cap), obsérvase que a UVIGO ten un compromiso ambiental salientable, xa que, malia posuír un grande hándicap ao estar localizado o seu campus principal afastado do núcleo urbano, consegue ter unha pegada ecolóxica relativamente baixa. O feito de que exista grande extensión arborada e vexetal no campus de As Lagoas en Marcosende.

5.4 A xestión dos residuos e consumos de enerxía

Os datos de residuos xerados na UVigo divídense en dous grupos: os residuos perigosos mais os RAEEs (residuos de aparellos eléctricos e electrónicos) o os residuos urbanos e asimilables a urbanos.

Cantidade (kg) e emisións totais (kg CO₂) de residuos perigosos e RAEE da UVIGO. Ano 2012.


	Cantidade	Emisións anuais	Emisións anuais/pers.
Disolventes haloxenados	1829	336,5	0,0149
Disolventes non haloxenados	3232	594,7	0,0264
Disolucións acuosas	4671	1013,6	0,0449
Disolucións ácidas	1534	332,9	0,0148
Disolucións alcalinas e mestura crómica	291	63,1	0,0028
Sólidos contaminados	2292	703,6	0,0312
Bioperigosos e especiais	674,5	2568,5	0,1138
Citotóxicos	227	864,4	0,0383
Aceites	128	30,2	0,0013
Baterías	61	15,7	0,0007
Recipientes baleiros	847	122,8	0,0054
Fotográficos	400	86,8	0,0038
Pinturas e vernices	0	0	0,0000
RAEE	5967,5	417,7	0,0185
TOTAL	22154	7150,7	0,3169

Os datos obtidos indican que no ano 2012 as maiores cantidades de residuos perigosos e RAEE xerados na UVIGO corresponderon a disolución acuosas, disolventes haloxenados e non haloxenados, así como aos aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE). En cambio, se nos fixamos na que se expoñen as emisión asociadas a cada un dos tipos de residuos, podemos observar que son os residuos bioperigosos e especiais os que producen os valores máis elevados de emisións anuais de CO₂.

Os principais tipos de residuos perigosos xerados na UVIGO proceden maioritariamente dos laboratorios, resultado das tarefas de investigación e, en menor medida, debido ás prácticas de laboratorio do alumnado de estudos experimentais ou técnicos. Debemos ter en conta que a produción dos residuos segundo o tipo pode variar lixeiramente dun ano a outro, xa que a súa xeración depende das tarefas de investigación que se realizan durante ese período.

Atendendo á evolución das cantidades de residuos perigosos e RAEE xerados na UVIGO no período 1998-2012, pódense observar dúas tendencias. Un período de incremento das cantidades xeradas na institución destes residuos dende o ano 1998 ao 2009, momento no que se alcanzaron os valores máximos (28 398 kg), debido ao crecemento de proxectos de investigación na UVIGO nesas datas e ao incremento de RAEE derivados da renovación das aulas informáticas e ao cambio de equipos informáticos persoais. E por outra banda, dende o ano 2009 ata o 2012, obsérvase una diminución nas cantidades xeradas destes residuos, sendo moi evidente dende o ano 2011, cunha redución de 4 845 kg no ano 2012. Esta tendencia podería estar relacionada co feito de dispoñer xa de equipos informáticos novos (reducindo a xeración de RAEE) e dos proxectos de aproveitamento e reutilización de equipos informáticos obsoletos, promovidos nestes anos na UVIGO.

Produción (kg) de residuos urbanos por tipo do campus de Vigo
(As Lagoas-Marcosende). Ano 2012



As maiores cantidades de residuos urbanos xerados corresponden á categoría de papel e cartón, chegando a alcanzar unha cantidade anual de arredor de 50 toneladas.

5.5 Resultado das boas prácticas na redución do impacto ambiental

No marco das medidas máis salientables acadadas pola UVIGO para reducir as súas emisións pódense diferenciar a instalación de diversas fontes de enerxías renovables: solar térmica e fotovoltaica (campus de Ourense, área de Deportes, Citexvi, Industriais, etc.), xeotérmica (Biblioteca Central, Unidade Administrativa do campus de Ourense, Cacti, Citexvi) ou caldeiras de biomasa (escola infantil do campus de Ourense). Tamén se levan feito melloras na eficiencia enerxética dos edificios, como a substitución de luminarias por outras máis eficientes e de menor

consumo, de illamento térmico ou de caldeiras Os proxectos de mellora levaron consigo un investimento de arredor de 900.000 euros en parte sufragados polo INEGA (Instituto Enerxético de Galicia).

6 O compromiso co alumnado e a calidade da docencia

6.1 Oferta formativa

A calidade na docencia representa unha responsabilidade fundamental pola que as universidades deben responder; a calidade dos seus estudos é un factor moi relevante na configuración dun verdadeiro *Espazo Europeo de Educación Superior* (EEES).

O alumno/a é o elemento fundamental e básico da súa actividade; como grupo de interese interno, a súa participación e o coñecemento das súas necesidades e expectativas é moi importante na mellora da calidade do ensino, así como no funcionamento e eficacia dos centros e titulacións.

A oferta académico-formativa da Universidade de Vigo está distribuída ao longo de tres campus: Pontevedra, Ourense e Vigo. As titulacións son asinadas a cada campus dependendo das necesidades da comunidade local.

A matrícula de alumnado da Universidade de Vigo mantense relativamente estable. Durante o ano académico 2010-2011 estiveron matriculados 22.715 alumnos/as. No 2011-2012 baixou un pouco e estiveron finalmente matriculados 22.103; no ano 2012/2013 a matrícula reúne a 22.775 alumnos/as (un incremento de 672 alumnos/as).

Matrícula do curso 2011-2012 por tipo de estudo e xénero

	<i>Estudantes matriculados/as</i>	<i>Mulleres matriculadas</i>	<i>% Mulleres matriculadas</i>	<i>Estudantes estranx.</i>	<i>Estudantes estranx %</i>
Diplomaturas	1.052	668	63,50%	8	1%
Enxeñerías	4.073	1.026	25,19%	15	0%
Graos	9.647	5.345	55,41%	107	1%
Licenciaturas	3.047	1.917	62,91%	30	1%
Masteres	2.026	1.099	54,24%	150	7%
Mestrados	629	475	75,52%	2	0%
Programas de doutoramento	686	330	48,10%	79	12%
Tutelas de teses	943	509	53,98%	275	29%
Totais	22.103	11.369	51,44%	666	3%

En total, no curso 2011-2012, matriculáronse un total de 15.741 novos alumnos na Universidade de Vigo (1º e 2º ciclo, grado e mestrados) e en 2012 houbo 4997 alumnos egresados.

6.2 Unha educación de calidade

A Universidade de Vigo ten como un dos seus fins prioritarios "**acadar as máximas cotas de calidade da docencia e investigación**" (art.2 pto.2 dos seus Estatutos), en liña co previsto na Lei Orgánica de Universidades (LOU) e cos obxectivos do *Espazo Europeo de Educación Superior*, no que a garantía de calidade se converte nun dos principais eixos de actuación.

A implantación dun sistema de garantía de calidade é unha ferramenta estratéxica básica para acadar unha mellora continua dos centros e das titulacións oficiais. Todos os centros da

institución (propios e adscritos) se incorporaron ao programa de calidade denominado AUDIT-FIDES que marca as esixencias en materia de xestión de calidade para centros e titulacións.
http://calidade.uvigo.es/calidade_gl/centros/sgic/fides/resultados/

O obxectivo central neste ámbito é implantar un sistema de calidade que asegure e posibilite os procesos de mellora continua no eido da docencia, contribuíndo así a garantir a satisfacción de todas as partes interesadas e á eficacia e eficiencia dos recursos dispoñibles. Por este motivo a partir do anos 1998 a Universidade de Vigo participa nas distintas convocatorias dos plans nacionais e programas de avaliación e mellora da calidade das universidades promovidos polo Consello de Universidades e polas Axencias de Calidade (ANECA e ACSUG).

Así mesmo, a Universidade de Vigo ten en vigor un **Programa de Seguimento de Títulos Oficiais** a fin de realizar un seguimento e acreditación das súas titulacións oficiais a través da ACSUG (Acreditación da Calidade do Sistema Universitario Galego).

Área de Apoio a Docencia e a Calidade (http://calidade.uvigo.es/calidade_gl/)

Dende esta área se centraliza e xestionan as actividades ligadas aos programas de formación e calidade no eido docente da Universidade de Vigo. Entre as funcións, que a súa vez ten asinadas, están:

- Xestionar os distintos programas ligados á mellora da calidade da Universidade en distintos ámbitos (centros, titulacións e profesorado).
- Realizar as avaliacións que permitan identificar a súa aplicación e eficacia nos centros e nas titulacións, co obxecto de promover propostas de mellora.
- Apoiar, asesorar e coordinar as diferentes actividades en materia de calidade na institución.
- Promover a creación dunha cultura de calidade na comunidade universitaria que fomente a mellora continua.

O profesorado é unha peza fundamental para a calidade da docencia polo que a Área de Formación e Innovación Educativa ten como principal labor promover o desenvolvemento profesional do docente para que poida facer fronte aos requirimentos e niveis de calidade que existe o novo *Espazo Europeo de Educación Superior*.

Entre os programas que xestiona a área, salientamos os seguintes:

- Programa de formación permanente do profesorado (LA8)

Os resultados deste programa, para o ano 2012, foron os seguintes:

Programa de formación docente do profesorado. 2012

<i>Campus</i>	<i>Nº de accións formativas</i>	<i>Nº de docentes que participaron</i>
Campus de Ourense	5	115
Campus de Pontevedra	3	60
Campus de Vigo	11	283

- Programa de formación do novo profesorado. Este programa contou con cinco accións formativas durante 2012, con 50 participantes.

- Xornada de Innovación educativa 2012

Representa un momento e espazo para impulsar o intercambio de experiencias innovadoras entre o profesorado universitario. A dita xornada acudiron 288 docentes galegos, españois e portugueses.

- Programa Docentia

A Universidade de Vigo está en proceso de implantación do *Programa Docentia*, respondendo deste xeito á directriz sinalada e aos requisitos recollidos na Lei Orgánica de Universidades (LOU), sobre a obrigatoriedade da avaliación das actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado universitario (estas competencias están recollidas a súa vez no artigo 97 dos Estatutos desta Universidade).

Con este Programa esta institución pretende, entre outras finalidades, obter información contrastada e normalizada sobre os labores de planificación, desenvolvemento e resultados docentes de cara á recoñecer as melloras precisas na docencia e na formación do profesorado. A finalidade é garantir a calidade docente do profesorado e favorecer o seu desenvolvemento e recoñecemento mediante a súa avaliación externa.

Enquisas de avaliación docente (GRI PR5).

A enquisa de avaliación docente (EAD) é unha das modalidades de comunicación entre profesores e alumnos que procura, como un dos seus obxectivos centrais, a mellora da docencia permitíndolle ao profesorado coñecer a opinión dos estudantes sobre o seu labor como docentes.

Na actualidade, a EAD intégrase dentro do Plan de Calidade Docente e representa unha ferramenta imprescindible para coñecer a opinión do alumnado e profesorado sobre as titulacións oficiais.

O procedemento de Valoración da Actividade Docente do Profesorado (VAD), incluído tamén no Plan de Calidade Docente da Universidade de Vigo, pretende obter datos cara a valorar o conxunto das tarefas desenvolvidas polo profesorado no ámbito da docencia.

A información recollida serve para favorecer a implantación e extensión nos Centros e Departamentos do seguimento, control avaliación das tarefas docentes e, finalmente, para procurar achegas económicas adicionais (que se recollen nos orzamentos) para a posta en marcha de iniciativas de autoavaliación, formación, organización, mellora e innovación docente.

6.3 Apoio á formación a través dos servizos e recursos complementarios.

A Universidade de Vigo conta en cada un dos seus campus cunha **biblioteca** central e varias salas repartidas nas escolas e facultades que a compoñen. En xaneiro de 2007 a Biblioteca Universitaria recibiu a certificación de calidade ISO: 9000, confirmando os máximos estándares no nivel da prestación do servizo.

Proxecto PREME

Conxunto de enquisas dixitais concibidas para captar de forma áxil e sinxela o nivel satisfacción dos usuarios coa Biblioteca.

No curso 2011-2012 106 usuarios/as responderon a este cuestionario 106 persoas. Os resultados acadados revelan un grado de satisfacción do servizo elevado: un 93% dos enquisados di estar satisfeito ou moi satisfeito sendo os que mais contestan a esta enquisa os alumnos/as de 1º e 2º ciclo cun total do 68% das respostas (un 6,6% das respostas ao cuestionario pertencen ao PDI).

Plan Operativo de Xestión

Plan de mellora e intensificación na aplicación das **TICs** para avanzar cara á plena implantación da Universidade dixital como un obxectivo fundamental.

O programa de avaliación de satisfacción co servizo prestado no ámbito de xestión vixente na Universidade de Vigo establece, a través do correspondente procedemento, a operativa a desenvolver á hora de planificar as actividades de avaliación de satisfacción. O plan anual 2012 previsto no devandito programa foi revisado polo Comité Técnico de calidade o 26 de xuño de 2012 e aprobado pola Xerencia o 28 de xuño de 2012.

Seguindo o camiño marcado polo Plan, ao longo do ano 2012 se levaron a cabo parte das actividades de avaliación previstas, quedando unha pequena parte delas pendentes de realizar no ano 2013.

Esta segunda edición do Plan anual desde o inicio das actividades do Plan Avante (2008-2012), supón a consolidación da cultura da mellora con base na opinión das persoas usuarias. A experiencia acumulada coa xestión do Plan anual 2010 esixía abordar unha serie de melloras que permitiran superar os escollos atopados naquela primeira edición, sobre todo no tocante a baixa participación das persoas usuarias, ao liderado das propias unidades a avaliar, e a necesidade de que o análise de datos incluía a formulación de accións de mellora.

A Universidade conta, ademais, cun diario dixital, o **DUVI**, que permite manter informada á comunidade universitaria de todo o que sucede nos tres campus e aporta visibilidade e repercusión a todas actividades nas que está involucrada a Universidade de Vigo. duvi.uvigo.es

A través da **aula virtual Bubela** a Universidade de Vigo pon en comunicación para toda a comunidade universitaria a oferta e administración de cursos aos que se pode acceder a través de Internet. <https://bubela.uvigo.es>

A plataforma **FaiTIC** desenvolve un servizo de teledocencia complementario aos sistemas tradicionais de docencia presencial. Este servizo preséntase ademais como unha ferramenta útil para afrontar os retos que supón a converxencia co *Espazo Europeo de Educación Superior* (EEES), e o uso das novas tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) na docencia universitaria. faitic.uvigo.es/index.php?lang=es

O **Servizo de Publicacións** ten como funcións principais a edición, difusión e intercambio do traballo investigador realizado na Universidade e doutras obras de interese cultural e científico. A súa importancia como servizo de apoio e difusión da formación e investigación resulta evidente.

No ano 2012 este servizo presenta o seguinte resultado:

2012

<i>Servizos de publicacións. Títulos publicados. Número de libros y monografías</i>	<i>Servizos de publicacións. Títulos publicados. Número de revistas</i>	<i>Servizos de publicacións. Presuposto. Ingresos (€)</i>	<i>Servizos de publicacións. Presuposto. Gastos (€)</i>
16	10	30.000	29.999,71

Área de Normalización Lingüística

Toda persoa vinculada á comunidade universitaria pode facer uso dos servizos que se ofrecen dende esta área cara ao asesoramento no uso da Lingua Galega para calquera acción vinculada á formación e á investigación na Universidade, se ben as súas accións baséanse na transversalidade no conxunto da vida universitaria.

No curso académico 2011-2012 matricularóñse nos cursos de formación lingüística 378 persoas. Esta cifra é superior ao ano anterior en 100 persoas.

A destacar inicialmente o restritivo marco económico para desenvolver as actividades desta área durante o curso 2011-2012. A achega económica da Xunta de Galicia a través do convenio de colaboración pasou de 93.000 euros en 2008 a 29.000 euros en 2012.

6.4 Outras accións e medios en favor da calidade da formación.

Bolsas e axudas

Os estudantes da Universidade de Vigo poden acceder a diferentes bolsas e axudas, tanto do Ministerio de Educación coma da Xunta de Galicia, ou a bolsas propias da Universidade de Vigo. O seu número e importe xa foi presentado no apartado 4.4. desta memoria (relación económica cos grupos de interese).

Durante o curso 2011-2012 houbo 1662 solicitudes para **bolsas de comedor** das que 517 foron admitidas e 1.143 rexeitadas (dúas quedaron pendentes da comisión). A contía de cada bolsa foi de 500 euros.

No curso 2011-2012 solicitaron **bolsa de axuda da Universidade de Vigo**, en convocatoria xeral, 8.976 persoas (había 8.663 ofertadas). Foron concedidas 5.845 (o 65% da oferta) as demais foron desestimadas por diversos motivos.

Para fines de **movilidade** se concederon 287 bolsas.

Premios fin de carreira

No 2012 a Xunta de Galicia, galardoou co Premio Extraordinario da Comunidade Galega a 22 alumnos/as da Universidade de Vigo.

Programas de intercambio

A Oficina de Relacións Internacionais (ORI) coordina, centraliza e xestiona todas as actividades internacionais que se desenvolven na Universidade. Promóvese a internacionalización do alumnado, facilitando o intercambio de experiencias entre estudantes, en especial no marco dos programas Sócrates-Erasmus, ISEP, bolsas MAE e outras bolsas propias da Universidade de Vigo.

As principais liñas de actuación da ORI foron o fomento da mobilidade de estudantes, persoal docente e PAS da Universidade de Vigo; a captación e recepción de estudantes e persoal estranxeiro; a participación en programas e proxectos internacionais especialmente os financiados pola Unión Europea, a AECID e a Xunta de Galicia, a promoción da sinatura de convenios con outras institucións estranxeiras e a participación en asociación e redes internacionais, co obxectivo final de incrementar a internacionalización da Universidade de Vigo e garantir a súa presenza na esfera educativa internacional

A ORI xestionou durante o cursos 2011-2012 a mobilidade de 500 estudantes: 362 no campus de Vigo, 57 en Ourense e 81 en Pontevedra.

Nese mesmo ano académico, asináronse 49 novos convenios de cooperación, un 30 % máis en relación ao curso 2010-11 no que se asinaron 38, con institucións en Alxeria, Arxentina, Bélxica, Brasil, Cabo Verde, Canadá, Colombia, Chile, Francia, Costa Rica, Ecuador, Estados Unidos, Malaisia, México, Perú, Polonia, Portugal, República Dominicana, Rusia e Tunicia.

Hai que salientar que a Universidade de Vigo presentou catro proxectos de cooperación ao desenvolvemento, dentro do programa que ten a Xunta de Galicia para este fin. Un deles foi aprobado (Cabo Verde) ao cal se lle outorgou unha subvención de 171.700 euros.

6.5 A mobilidade de estudantes, persoal docente e pas da Universidade de Vigo

Mobilidade de estudantes propios.

Durante o curso 2011-12 un total 750 estudantes da Universidade de Vigo máis 14 xa titulados co programa Leonardo cursaron estudos ou fixeron prácticas en universidades estranxeiras no marco de programas de intercambio (268 persoas mais que no curso anterior). Por primeira vez neste curso, estudantes da Universidade de Vigo puideron realizar estadias en universidades estranxeiras o abeiro da normativa de Libre Mobilidade.

Programa Erasmus.

633 estudantes da Universidade de Vigo cursaron parte da súa formación noutros centros de educación en Europa co programa Erasmus. 419 estudantes procedían do campus de Vigo, 109 de Ourense e 105 de Pontevedra.

Mantéñense as preferencias por Italia (117), Alemaña (95) e Portugal (77) como en cursos anteriores e cun aumento destacable cara a Polonia (71).

Programa ISEP

No ámbito da mobilidade cos Estados Unidos, no marco do programa ISEP, 14 estudantes cursaron estudos en universidades norteamericanas, 1 do campus de Ourense, 2 do campus de Pontevedra e 11 do campus de Vigo.

Programa de bolsas propias da Universidade de Vigo.

No curso 2011-12, a mobilidade con países extracomunitarios aumentou en relación aos anos anteriores. Un total de 61 estudantes gozaron destas bolsas, 6 do campus de Ourense, 15 do campus de Pontevedra e 40 do campus de Vigo. México, con 19 estadias e Brasil con 18,

destacan como países preferentes. Para financiar a mobilidade dos estudantes beneficiarios das convocatorias propias e do programa ISEP contouse, ademais do orzamento para bolsas internacionais da Universidade de Vigo, con tres convocatorias de axudas financiadas polo Banco Santander: Bolsas Fórmula, Santander-CRUE e Santander-Grao.

Programa de prácticas Erasmus.

Con respecto á mobilidade de estudantes en prácticas, en 2011-12, un total de 34 estudantes da Universidade de Vigo, participaron no programa Erasmus prácticas, dos cales, 28 foron financiados con cargo ó programa Erasmus Prácticas da Universidade de Vigo e 6 con cargo ós fondos do Consorcio Universia. Destacan como destinos preferidos para realizar as mobilidades: Alemaña 8, Portugal 7, Reino Unido 5.

Programa de Prácticas Profesionais Leonardo da Vinci: “Intern_sea: A deep immersion in professional training”.

22 titulados recentes universitarios das tres universidades galegas participaron no devandito programa, 14 da Universidade de Vigo.

Programa de Libre Mobilidade.

Trala a aprobación dunha normativa que permite a libre mobilidade, por primeira vez un total de 7 estudantes realizaron unha estadía nunha universidade estranxeira, 6 do campus de Vigo e 1 do campus de Pontevedra.

Proxecto Intercultural Excellence in Mechatronic Engineering Education

Unha estudante seleccionada da Escola de Enxeñería Industrial cursou un cuatrimestre na University of Melbourne (Australia).

Mobilidade docente

A mobilidade docente no marco do programa Erasmus implicou a 85 docentes que se desprazaron a varias universidades europeas para impartir docencia sobre todo a Italia, Portugal y Francia.

“Tándem de conversa”

Este é un programa da ORI que persegue poñer en contacto a aqueles alumnos da Universidade interesados en aprender outro idioma ou mellorar o seu nivel e que, ao mesmo tempo, poidan ensinar galego, castelán e outros idiomas que dominan aos estranxeiros que cursan estudos na Universidade de Vigo.

Mobilidade de alumnos 2011-2012 por titulación

<i>Titulación</i>	<i>internacional saíntes</i>	<i>nacional saíntes</i>	<i>nacional entrantes</i>
Diplomaturas	37	1	1
Enxeñerías	219	11	3
Graos	216	23	9
Licenciaturas	273	49	26
Masters	7	0	0
Totais	752	84	39

6.6 O compromiso da Universidade de Vigo coa inserción laboral

Integración laboral

Facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado supón unha parte fundamental da responsabilidade social da nosa institución e a materialización máis evidente da nosa achega e creación de valor a través da formación. “*Esta preparación debe facerse con realismo sobre a capacidade de empregabilidade local e o desenvolvemento das potencialidades propias do territorio*”.

O Plan Estratéxico para o período 2008-2012 contempla baixo o obxectivo xeral de “*completar a formación dos estudantes con prácticas en empresas e outras organizacións e institucións*”, o desenvolvemento de accións para incrementar as ofertas destas prácticas empresariais nas diferentes titulacións.

As prácticas teñen como finalidade introducir aos estudantes nas áreas operativas de empresas e outras institucións. O obxectivo é acadar profesionais cunha visión práctica dos problemas e preparar a súa futura incorporación ao mercado laboral.

Prácticas na Universidade de Vigo. Curso 2011-2012

<i>Titulacións</i>	<i>nº alumnos/as en prácticas extracurriculares</i>	<i>nº alumnos/as en prácticas intracurriculares</i>
Diplomatura	56	16
Enxeñerías	13	0
Graos	0	697
Licenciaturas	354	8
Masters	2	976
Totais	425	1697

Orientación a estudantes e titulados/as da Universidade de Vigo

A área de Emprego da Universidade desenvolveu catro liñas estratéxicas nesta materia durante o curso 2011-2012:

1. **Orientación e información de emprego:** 411 orientacións levadas a cabo nos tres campus. Tamén, a través da bolsa de emprego, foron tramitadas 145 ofertas de traballo e xestionáronse aproximadamente 2000 curriculums. No tocante aos obradoiros de emprego impartíronse 50 horas dedicadas a esta actividade nos tres campus.
2. **Prácticas preprofesionais.** Durante o curso académico 2011-2012 a Área de Emprego xestionou, a través da Fundación Universidade de Vigo, as prácticas externas extracurriculares (as curriculares xestionáronse nos centros) realizadas polo alumnado universitario nos tres campus: 366 empresas ofertaron prácticas externas para estudantes da Universidade de Vigo e 665 estudantes realizaron prácticas externas extracurriculares. <http://tv.uvigo.es/gl/serial/1310.html>
3. **Emprendemento-autoemprego:** En 2012 convocouse a 1ª edición dos premios INCUVI emprende. Nesta edición presentáronse 47 alumnos/as e 22 proxectos. Finalmente foron premiados 6 proxectos cunha subvención dos custos dunha estada por un máximo dun

ano, nun dos espazos da preincubadora de empresas INCUVI, contando tamén cun programa integral de asesoramento para poder poñer en marcha as empresas que maduren durante este proceso. No marco destes premios desenvolveuse un proxecto formativo, denominado Proxecto INCUVI, dedicado á elaboración dun repositorio de material didáctico sobre asesoramento empresarial, xurídico e márketing (<http://tv.uvigo.es/gl/serial/1426.html>) e un plan formativo dirixido, principalmente, aos gañadores/as e finalistas da 1.^a edición dos premios INCUVI-Emprende.

4. **Formación transversal:** O ano 2012 foron impartidos unha diversidade de cursos complementarios e recursos multimedia relacionados coa formación en competencias transversais.

Durante o curso académico 2011/2012 os servizos de **orientación laboral** da Área de Emprego da Universidade de Vigo operaron nos seus tres campus (Vigo, Ourense e Pontevedra):

- Campus de Vigo: o servizo de orientación laboral foi demandado por 177 estudantes e/ou titulados/as da universidade. O número de orientacións levadas a cabo foi de 185.
- Campus de Ourense, o servizo de orientación laboral foi demandado por 107 estudantes e/ou titulados/as da universidade. O número de orientacións levadas a cabo foi de 118.
- Campus de Pontevedra, o servizo de orientación laboral foi demandado por 64 estudantes e/ou titulados/as da universidade. O número de orientacións levadas a cabo foi de 108.

No tocante aos **obradoiros de emprego**, desenvolvéronse actividades nos tres campus, e tratáronse os seguintes contidos: técnicas de procura activa de emprego, enfrontamento a procesos de selección, habilidades/competencias persoais e nocións básicas de emprendemento.

- Campus de Vigo, impartíuse un obradoiro de emprego de 15 horas.
- Campus de Ourense, impartíronse dous obradoiros de emprego: un de 15 horas e outro de 30 horas.
- Campus de Pontevedra, impartíronse dous obradoiros de emprego: un de 15 horas e outro de 5 horas adaptado a estudantes de Administración e Xestión Pública.

Fundación Universidade de Vigo <http://www.fundacionuvigo.es>


A Fundación Universidade de Vigo (FUVI) é unha entidade dotada de persoal técnico que ten, entre as principais áreas de actuación, a xestión e seguimento das prácticas académicas externas extracurriculares dos estudantes, o asesoramento a emprendedores e o fomento do programa de iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

Dende a FUVI trabállase para fortalecer un servizo integral de información, orientación e formación no ámbito da busca activa de traballo e fomento das oportunidades de achegamento ao exercicio profesional do alumnado como parte da responsabilidade social da Universidade de Vigo. Tamén realiza estudos e deseños de proxectos de interese para a Universidade.


Outro dos eixos de actuación centrais da FUVI é o ensino de linguas modernas a través do **Centro de Linguas (CdL)**, como formación complementaria de capital importancia para os alumnos/as desta universidade.

Durante o curso 2011-2012 estiveron matriculados neste **Centro de Linguas** 4.344 alumnos/as distribuídos/as da seguinte maneira:

Número de alumnos por idioma e cursos



Número de cursos por campus



7. O persoal da Universidade de Vigo

7.1. Cadro de persoal (GRI LA 2)

Constituído como un dos nosos grupos de interese prioritarios, o persoal da Universidade de Vigo está composto por *persoal docente e investigador (PDI)* e *persoal de administración e servizos (PAS)*, seguindo a clasificación habitual das universidades públicas. Os cadros de distribución básicos do persoal xa foron presentados no apartado 2.1 de Perfil da Universidade de Vigo.

Profesorado (GRI LA1)

No ano 2012, un total de 1.472 profesores desempeñaron as súas tarefas docentes nos distintos campus e centros da Universidade de Vigo, dos que 898 son homes e 574 mulleres, que incrementan lixeiramente a súa participación sobre o total do PDI.

Persoal PDI da Universidade de Vigo desagregado por categoría profesional e sexo

<i>PDI por categoría e sexo</i>	<i>2011</i>			<i>2012</i>		
	<i>Total</i>	<i>mulleres</i>	<i>% mulleres</i>	<i>Total</i>	<i>Mulleres</i>	<i>% mulleres</i>
<i>Catedrático/a de universidade</i>	142	34	23,94%	147	38	25,85%
<i>Titular de universidade</i>	585	224	38,29%	592	226	38,18%
<i>Catedrático/a de escola universitaria</i>	29	11	37,93%	28	11	39,29%
<i>Titular de escola universitaria</i>	119	43	36,13%	110	38	34,55%
<i>Contratados doutores/as</i>	204	99	48,53%	221	115	52,04%
<i>Axudantes</i>	11	5	45,45%	8	4	50,00%
<i>Axudantes doutores/as</i>	33	17	51,52%	34	17	50,00%
<i>Asociados/as</i>	385	123	31,95%	292	102	34,93%
<i>Eméritos/as</i>	3	0	0,00%	3	1	33,33%
<i>Colaboradores/as</i>	0	0	0,00%	0	0	0,00%
<i>Lectores/as</i>	4	3	75,00%	2	2	100,00%
<i>Interinos/as</i>	62	43	69,35%	35	20	57,14%
<i>Outros</i>	1	0	0,00%	0	0	0,00%
<i>Total</i>	1578	602	38,15%	1472	574	38,99%

Se atendemos ao reparto por ámbitos de coñecemento, continuamos apreciando diferenzas, tanto respecto ao reparto do PDI total coma á porcentaxe de mulleres nos diferentes ámbitos e categorías.

PDI por categoría, rama e sexo

<i>Categoría</i>	<i>CC da Saúde</i>		<i>Ciencias</i>		<i>CC Sociais e Xurídicas</i>		<i>Enxeñaría</i>		<i>Artes e Humanidades</i>	
		% mull		% mull		% mull		% mull		% mull
Catedrático/a de universidade	2	0%	58	29%	34	35%	39	8%	14	43%
Titular de universidade	8	13%	170	42%	145	46%	160	26%	109	41%
Catedrático/a de escola universitaria	1	0%	8	50%	8	38%	5	0%	6	67%
Titular de escola universitaria	4	25%	14	14%	47	49%	34	18%	11	55%
Contratados doutores/as	3	67%	22	59%	98	54%	61	34%	37	70%
Axudantes					3	0,8	4	0,25	1	1
Axudantes doutores/as			1	1	17	0,53	14	0,43	2	0,5
Asociados/as	27	70%	5	0%	157	36%	66	11%	37	51%
Eméritos/as							1	0	2	0,5
Lectores/as									2	1
Interinos/as	5	80%			13	46%	7	29%	10	80%
Outros										
TOTAL	50	54%	278	0,39	522	0,44	391	23%	231	0,52

Persoal investigador (LA15)

En 2012 había 36 investigadores máis contratados con cargo a proxectos que en 2011 e o número de bolseiros incrementouse en 2012 en 27 persoas, destacando ademais que, nestes dous grupos, mais da metade foron mulleres (52%). Os cadros foron xa presentados no apartado 2.1.

Persoal de administración e servizos (PAS) (LA1)

O labor docente, de investigación e de transferencia, require incorporar persoal de administración e servizos, que posibilite que tanto o alumnado coma o persoal docente e investigador poidan ser xeradores de valor engadido para a sociedade. Xa que logo, entendemos fundamental a calidade do traballo desenvolvido polo PAS e o fomento da súa promoción e formación tanto a nivel persoal coma profesional.

A Universidade de Vigo contou en 2012 con 686 persoas que conformaron o cadro de persoal do PAS (tres persoas mais que en 2011)

Nas seguintes táboas pódese ver a distribución segundo a categoría profesional e sexo en comparativa con 2011.

PAS Distribución segundo categoría profesional e sexo 2011-2012

Persoal de administración e servizos	2011			2012		
	Total	% mulleres	% fixo	Total	% mulleres	% fixo

Persoal Laboral	314	40,44%	86,62%	319	41%	87%
Persoal funcionario	362	77,90%	93,37%	363	78%	93%
Persoal eventual e altos cargos	7	28,57%	0,00%	4	25%	0%
TOTAL	683	60,18%		686	60%	89%

A distribución, incorporando a idade, é a seguinte:

PAS Laboral. Distribución segundo categoría profesional, idade e sexo 2011-2012

PAS laboral por grupo e sexo	2011		2012	
	Total	% mulleres	Total	% mulleres
Grupo I	53	49,05%	57	53%
Grupo II	10	60,00%	13	69%
Grupo III	146	34,93%	144	33%
Grupo IV	105	41,90%	105	41%
TOTAL	314	40,45%	319	41%

PAS Funcionario. Distribución segundo categoría profesional, idade e sexo 2011-2012

PAS funcionario, eventual e altos cargos por grupo e sexo	2011		2012	
	Total	% mulleres	Total ²	% mulleres ³
Grupo A1	17	29,41%	18	33%
Grupo A2	69	75,36%	69	75%
Grupo C1	216	78,70%	213	79%
Grupo C2	66	86,36%	66	88%
Grupo E	1	0,00%	1	0%
TOTAL	369	76,96%	367	77%

7.2. Formación, saúde e seguridade no traballo

Formación do persoal docente

Na nosa institución somos conscientes de que acadar a excelencia formativa do noso alumnado esixe mellorar a calidade do noso profesorado. A formación do profesorado permite actualizar e ampliar coñecementos en relación ás diferentes disciplinas e especialidades ou achegarse a temas de interese xeral do sector educativo superior. A execución destes programas e actividades formativas achégannos á excelencia docente e supoñen unha garantía de calidade para os estudantes.

Dependente da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, a Área de Formación e Innovación Educativa traballou durante 2012 no desenvolvemento dos seguintes programas de formación de profesorado:

Formación realizada polo persoal PDI (GRI LA10)

- **Formación permanente do profesorado**

Ano 2012

<i>Campus</i>	<i>Nº de accións formativas</i>	<i>Nº de docentes que participaron</i>
Campus de Ourense	5	115
Campus de Pontevedra	3	60
Campus de Vigo	11	283

- **Formación do novo profesorado**

No ano 2012 realizáronse no campus de Vigo 5 accións formativas orientadas ao novo profesorado, con 50 participantes.

- **Mobilidade internacional**

Desde esta institución non só apostamos pola mobilidade do noso alumnado e a acollida de estudantes estranxeiros, senón que cremos que a mobilidade e internacionalización do noso persoal a través de diferentes programas nos achega ao obxectivo de calidade e excelencia académica. Os intercambios de persoal docente e investigador (PDI), con estadías de ata seis meses de duración, teñen por obxecto o desenvolvemento de diversos proxectos comúns con outras universidades ou institucións.

Durante o curso 2011-2012, un total de 85 profesores participaron en **programas de mobilidade europea** de carácter docente -programa Erasmus-, sendo Italia, Portugal, e Francia os destinos preferentes. Ademais da existencia de programas que teñen como destino a Unión Europea, EE.UU. ou Canadá, o noso persoal PDI pode participar en accións de cooperación interuniversitaria ou no programa *Jean Monnet*. O programa está destinado ao desenvolvemento no mundo universitario de actividades académicas relacionadas coa integración europea, o estudo da construción da Europa comunitaria e o seu desenvolvemento institucional, político, económico e social.

Outros programas salientables son o LLP-Erasmus, o Atlantis (EE.UU.), e os programas europeos Tempus ou Alfa, destinados a fomentar a cooperación entre institucións de ensino superior doutros países cos da Unión Europea.

Formación do PAS

O artigo 115 dos estatutos afirma que “*garantirá a formación permanente do persoal de administración e servizos que permita a súa adecuación técnica, promoción e especialización*”. O propio Plan Estratéxico da Universidade, que establece as metas e obxectivos que se deberán implantar durante o período 2008-2012, nun dos seus nove plans -concretamente no Plan Operativo de Xestión- recolle como meta estratéxica “**establecer unha política integral de persoal**”. Con este fin diseña diferentes accións co denominador común de posibilitar a capacitación e o desenvolvemento persoal e profesional.

O persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo que desexe ampliar a súa formación no estranxeiro, pode optar ás axudas financeiras de mobilidade de PAS a institucións de ensino superior. Estas insírense no marco do programa Erasmus-STT, co que se pretende fomentar a formación do persoal e a internacionalización da institución.

En 2012, 9 bolseiros PAS da Universidade de Vigo participaron no programa de intercambio internacional. Pola súa banda, o programa Stella ofrece oportunidades de mobilidade ao persoal de administración e servizos, ao fomentar estadias de traballo dunha semana de duración en universidades pertencentes ao Grupo Compostela.

Saúde e seguridade no traballo (LA8)

A prevención de riscos laborais é unha esixencia legal, social e ética que ten que incorporarse a unha universidade moderna e con proxección de futuro como un elemento máis da mellora da súa organización. A misión do Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) é promover unha cultura preventiva dentro da universidade cara a conseguir un medio de traballo seguro e agradable.

Respecto ao rexistro de enfermidades profesionais, o número de expedientes abertos por esta causa en 2012 foi nulo (GRI LA7)

Accidentes laborais en 2012 (LA7)

Accidentes laborais 2012	
Segundo BAIXA	Total
sen baixa	25
con baixa	5
Total xeral	30
Segundo SEXO	Total
muller	16
home	14
Total xeral	30
Segundo CAMPUS	Total
Ourense	6
Pontevedra	2
Vigo	22
Total xeral	30

En cumprimento da Lei de prevención de riscos laborais, Lei 31/1995 do 8 de novembro, e en concreto do seu artigo 19 “*Formación dos traballadores*”, o SPRL, durante o ano 2012, as accións formativas nesta materia que se levaron a cabo foron as seguintes:

<i>Formación impartida en materia de riscos laborais por campus - 2012</i>				
<i>Campus</i>	<i>Cursos realizados</i>	<i>Asistentes</i>	<i>Mulleres</i>	<i>Homes</i>
Vigo	17	106	71	35
Pontevedra	4	14	4	10
Ourense	6	24	17	7
On line	7	56	39	17

Total	34	200	131	69
-------	----	-----	-----	----

O Servizo de prevención de riscos laborais organizou por terceiro ano un curso que ten por obxecto mellorar a formación do persoal na prevención das dores de costas e na adquisición de boas posturas de traballo, incrementando deste xeito a cultura da saúde no ámbito laboral. O curso celebrouse nas instalacións deportivas dos tres campus e foi impartido polo persoal médico e técnico do Servizo de Deportes. A participación total foi de 21 persoas (7 homes e 14 mulleres).

Así mesmo, nos centros da Universidade de Vigo desenvolven a súa actividade profesional traballadores e traballadoras pertencentes a empresas alleas.

Atendendo ao mandato da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, e ao Real decreto 171/2004, é necesario coordinar as actividades, de xeito que non xeren riscos para a seguridade e saúde nos centros ou lugares de traballo nos que exista concorrencia de actividades empresariais. O Servizo de Prevención realiza a coordinación de acordo co procedemento que o propio Servizo elaborou no ano 2005, modificado no ano 2006 (PPRL 02-05).

Dende o Servizo de Prevención propio coordínanse as actividades de vixilancia da saúde co servizo de prevención alleo. O SPRL propio recibe o certificado de aptitude correspondente e coordina á realización dos recoñecementos médicos periódicos dos tres campus.

7.3. Igualdade de oportunidades e participación nos órganos de goberno

No Plan Estratégico faise explícito o compromiso coa igualdade, “Unha universidade comprometida coa igualdade, cunha cultura organizativa vertebradora e con sistemas de xestión flexibles e eficaces”. Para ir na procura deste obxectivo a Universidade de Vigo realizou no 2011 un Informe de diagnose da Igualdade na Universidade de Vigo (obxectivo 6.1.1. do Plan Estratégico) como primeiro paso cara á redacción do I Plan de Igualdade (obxectivo 6.1.2 do mesmo Plan).

O artigo 3 refire textualmente que “a Universidade de Vigo asume tamén o compromiso de detectar, diagnosticar e contribuír á solución dos problemas existentes nas sociedades contemporáneas, e de promover políticas activas de igualdade e promoción social”.

Cara a materializar este compromiso coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a Universidade de Vigo ten constituído a Unidade de Igualdade como instrumento de xestión político responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre os homes e as mulleres en todos os ámbitos da comunidade universitaria.

Esta Unidade créase por acordo do Consello de Goberno, en xullo de 2006, e ten encomendada a tarefa de promover medidas que garantan o acceso en igualdade de condicións á investigación a aos estudos universitarios, ao traballo e á promoción profesional das mulleres e dos homes na Universidade de Vigo, así como realizar o seguimento do desenvolvemento e cumprimento da lexislación e dos plans e medidas que se adopten na materia.

- **Conciliación da vida profesional e familiar**

Para conciliar a vida laboral coa familiar o persoal da Universidade de Vigo dispón do servizo Campus Camp durante o período estival. O obxectivo principal do Campus Camp é facilitar a conciliación familiar dos traballadores do campus de Vigo, durante as vacacións estivais dos seu fillos. Este servizo ofrece atención lúdico-educativa aos cativos maiores de tres anos cara promover o desenvolvemento social, o traballo en grupo e o fomento do coñecemento nos cativos.

No ano 2012 asistiron ás actividades do Campus Camp un total de 177 rapaces/as (21 menos que en 2011)

- **Balance Unidade de Igualdade**

O 21 de setembro de 2012 tivo lugar a sesión constitutiva da Comisión de Igualdade Esta Comisión constitúese como un órgano colexiado encargado de apoiar e asesorar a todos os órganos de goberno e de representación da Universidade de Vigo en materia de igualdade.

Tendo en conta que a igualdade como valor incorpórase na propia da misión da institución, debe ser un marco de referencia que oriente as aspiracións e os comportamentos, e debe trasladarse á praxe da vida universitaria.

En novembro de 2012 foi aprobado polo Consello de Goberno o **I Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2012/2014 (www.uvigo.es)**. Este documento reflicte o compromiso desta Universidade coa igualdade efectiva entre mulleres e homes cuxo obxectivo é “incorporar a perspectiva de xénero en todas as actividades da vida universitaria así como a súa transferencia á sociedade a través da súa aplicación en todas as súas relacións institucionais, sociais e empresariais”, na que “están comprometidos ademais toda a comunidade universitaria dende os seus órganos de goberno ate cada persoa que a integra”.

Ao longo de 2012, a Unidade de Igualdade desenvolveu un calendario amplo de actividades que estiveron centradas en ciclos de cine, xornadas e conferencias ademais de celebracións de datas sinaladas, cursos de formación e xénero e eventos cara a contribuír a visibilizar as manifestacións artísticas das mulleres e a súa incursión na sociedade da contorna máis próxima.

Tamén ocupou espazo na axenda da Unidade de Igualdade a asistencia ao Encontro das unidades de igualdade das universidades españolas realizado en Barcelona os días 12 e 13 de marzo de 2012, entre outras moitas actividades.

Ademais, recentemente a Unidade de Igualdade puxo a disposición de toda a comunidade universitaria unha base de datos dos equipos de investigación que están a desenvolver liñas de investigación en xénero na Universidade de Vigo como modo de contribuír á difusión da investigación en xénero e a súa transferencia de coñecemento á sociedade.

Durante o primeiro cuadrimestre do ano 2011-2012, foi revisada por dúas bolsieras de formación a documentación institucional publicada a través da páxina web da Universidade de Vigo para adaptala a unha linguaxe non sexista.

- **Retribucións Salariais**

Os empregados da Universidade de Vigo están cubertos por un convenio colectivo (persoal laboral), ou ben son funcionarios públicos. Formalmente, non existen diferenzas salariais por razóns de xénero, debido a que se trata dunha institución pública, onde a retribución se atopa regulada. Os salarios dos empregados públicos fíxanse legalmente cada ano. As retribucións publícanse, con carácter xeral, nos Presupostos Xerais do Estado e os presupostos da Comunidade Autónoma. No caso particular dos PDI e PAS laboral, estes réxense polos seus respectivos convenios colectivos. **GRI LA 14**

- **Análise da composición dos órganos de goberno corporativo (GRI LA13)**

A seguir presentamos a composición por xéneros do Claustro universitario e do Consello de Goberno

Composición Claustro Universitario e Consello de Goberno

<i>Órganos colexiados</i>	<i>2010</i>		<i>2011</i>		<i>2012</i>	
	<i>Número de membros</i>		<i>Número de membros</i>		<i>Número de membros</i>	
	<i>Homes</i>	<i>Mulleres</i>	<i>Homes</i>	<i>Mulleres</i>	<i>Homes</i>	<i>Mulleres</i>
Claustro Universitario	145	101	139	101	135	94
PDI	84	62	84	68	83	68
Estudantes	36	29	40	23	37	16
PAS	15	10	15	10	15	10
Consello de Goberno	34	25	35	22	37	20
PDI	22	21	23	17	24	17
Estudantes	5	3	5	4	5	3
PAS	3	0	3	0	3	0
Consello social	2	1	2	1	3	0
Sindicatos	2	0	2	0	2	0

Pola súa banda, a composición do Consello social é a seguinte:

Composición do Consello Social 2010-2012

<i>Órgano colexiado</i>	<i>2010</i>		<i>2011</i>		<i>2012</i>	
	<i>Número de membros</i>		<i>Número de membros</i>		<i>Número de membros</i>	
	<i>Homes</i>	<i>Mulleres</i>	<i>Homes</i>	<i>Mulleres</i>	<i>Homes</i>	<i>Mulleres</i>
Consello Social	20	8	22	6	21	7
PDI	2	1	2	1	2	1
PAS	2	0	2	0	2	0
Alumnos	1	0	1	0	1	0
Presidente	1	0	1	0	1	0
Designados polo Parlamento de Galicia	5	1	5	1	4	2
Designados pola Xunta de Galicia	3	3	3	3	4	2
Designados polos sindicatos	2	0	2	0	1	1
Designados polas organizacións empresariais	2	2	3	1	3	1
Designados polos concellos dos campus	2	1	3	0	3	0

Verbo da composición dos consellos de departamento, a distribución por xénero é:

Composición dos consellos de departamento

<i>Órgano colexiado</i>	2010		2011		2012	
	<i>Número de membros</i>		<i>Número de membros</i>		<i>Número de membros</i>	
	<i>Homes</i>	<i>Mulleres</i>	<i>Homes</i>	<i>Mulleres</i>	<i>Homes</i>	<i>Mulleres</i>
Consello de Departamento	961	667	892	632	895	655
PDI	862	554	831	543	781	531
PAS	20	22		23	19	21
Alumnos	75	88	77	93	79	106

8. A investigación e a transferencia do coñecemento á sociedade

8.1 Directrices xerais e resultados

A Universidade de Vigo asume que a produción científica e a transferencia de coñecemento á sociedade é unha das facetas clave da súa responsabilidade social. O Plan Estratéxico 2008-2012 recolle este compromiso nas súas metas estratéxicas: “ser unha universidade que innova e progresa nos procesos de investigación básica e aplicada”, e constituírse como unha institución “empresarial que crea, difunde e transfire coñecementos de I+D+i cara ao tecido produtivo, liderando alianzas estratéxicas a través de centros ou plataformas tecnolóxicas”.

A investigación e a transferencia do coñecemento á estrutura socioeconómica do territorio é unha función primordial coa que a Universidade de Vigo se sente xenuinamente comprometida xunto coa responsabilidade nas súas tarefas docentes. O elevado e multidisciplinar *know-how* da nosa institución representa unha das fortalezas desta universidade.

As Vicerreitorías de Investigación e de Transferencia do Coñecemento teñen a responsabilidade de executar a política científica, as actividades de promoción, difusión e xestión da investigación, desenvolvemento e innovación para, entre outras cousas, transferir os resultados da investigación á sociedade.

A Vicerreitoría de Internacionalización responsabilízase dos obxectivos do eixe de xestión da investigación; apoia as funcións das Vicerreitorías de Investigación, Transferencia de Coñecemento e Relacións Internacionais; coordina así mesmo as actividades das distintas unidades de xestión e exerce e canaliza as funcións da Xerencia (económicas, de persoal, patrimoniais etc.) na área de investigación.

A Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) ten asignada a xestión das actividades de transferencia da investigación, é dicir, favorecer a conexión universidade/empresa/sociedade. As súas funcións poden estruturarse en tres grandes áreas:

- Difusión, promoción e mercadotecnia da I+D+i da Universidade de Vigo.
- Valorización e protección da tecnoloxía da Universidade.
- Transferencia dos resultados da investigación que poden dar lugar a contratos e convenios de I+D e de natureza científica, técnica ou artística etc.

A través da OTRI ponse a disposición dos organismos interesados unha carteira de patentes, na que se van incorporando aquelas tecnoloxías que poden ter aplicación no mercado e que están dispoñibles para ser transferidas.

No ano 2010, a Universidade de Vigo quixo dar un paso máis aló no seu compromiso de converterse nunha “Universidade empresarial”, é dicir, unha institución implicada de forma activa no desenvolvemento económico e social do territorio, aprobando unha Normativa de Creación de Empresas de Base Tecnolóxica (EBTs) co obxectivo de favorecer a participación da universidade e dos seus profesionais na explotación dos resultados da investigación fomentando e facilitando o emprendemento na comunidade universitaria.

A Universidade de Vigo desenvolve no curso académico 2011-2012 unha serie de programas e recursos que permiten orientar os seus obxectivos en materia de investigación e transferencia dos seus resultados. Estes son:

- Plan Operativo I+D+i

- Formación en investigación: servizos de apoio como a biblioteca (blog biblioteca e proxecto PREME), universidade virtual (plataforma Bubela e FaiTIC), servizo de publicacións e área de normalización lingüística
- Programas de Doutoramento con mención de calidade
- Axudas a persoal investigador e grupos de investigación
- Proxectos, convenios e contratos
- Centros de investigación propios ou vinculados

Persoal investigador

O incremento e mellora da cualificación dos investigadores é unha liña básica no desenvolvemento da política de I+D+i da Universidade de Vigo. Para a súa consecución deseñáronse diversos instrumentos co fin de facilitar a contratación e incorporación de persoal investigador, tecnólogos e persoal de apoio á I+D, e promover a súa formación permanente e mobilidade xeográfica, institucional e intersectorial.

Compételle ao Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento (SAID) os labores de difusión, asesoramento, asistencia e xestión das convocatorias de actividades de I+D+i subvencionadas quer pola Xunta de Galicia quer pola Administración Xeral do Estado ou por instancias europeas e internacionais.

O SAID tamén ten como tarefa apoiar e informar aos grupos de investigadores/as nos procesos de transferencia e, particularmente, en todo o referido a convenios de colaboración con persoas, empresas e institucións para, mediante contrato, desenvolver traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como ensinanzas de especialización.

A distribución de grupos de investigación por ámbitos de coñecemento é a seguinte:

Distribución de Grupos de Investigación de I+D+i por grandes áreas de coñecemento.

	<i>Ano 2011</i>	<i>Ano 2012</i>
<i>Número de Grupos de Investigación por ámbito</i>	<i>Totais</i>	<i>Totais</i>
científico	61	77
tecnolóxico	67	56
xurídico social	67	69
humanístico	48	50
Total	243	252

Con respecto a súa produción científica a Universidade de Vigo sitúase nunha situación de vangarda entre as universidades de nova creación, como xa se presentou o apartado de recoñecementos pola posición nos rankings que miden produción científica.

Proxectos, convenios e contratos

Durante 2012 unha aposta importante da universidade foi o contacto directo co tecido produtivo galego, pondo no seu coñecemento as potencialidades dos grupos de investigación científicos, tecnolóxicos e humanísticos existentes no seo da Universidade de Vigo.

Proxectos, convenios e contratos en 2012

	ÁMBITO									
	CIENTÍFICO		TECNOLÓXICO		XUR.-SOCIAL		HUMANÍST.			
TIPO	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE	Nº	IMPORTE
Contratos i+d	13	846.177	95	4.883.218	23	436.913	1	17.999	132	6.184.307
Informes	116	183.170	1.118	810.571	28	114.800	1	8.000	126	1.116.541
Cursos	2	5.550	4	20.870	0	0	0	0	6	26.420
SUBTOTAL 1:	131	1.034.897	1.217	5.714.659	51	551.713	2	25.999	140	7.327.268
(%)	9,4%	14,1%	86,9%	78,0%	3,6%	7,5%	0,1%	0,4%		
Pr. Europeos	2	268.867	4	596.563	2	308.596	1	214.696	9	1.388.722
Pr. Interreg	1	101.400	1	143.000	0	0	0	0	2	244.400
SUBTOTAL 2:	3	370.267	5	739.563	2	308.596	1	214.696	11	1.633.122
(%)	27,3%	22,7%	45,5%	45,3%	18,2%	18,9%	9,1%	13,1%		
TOTAL:	134	1.405.164	1.222	6.454.222	53	860.309	3	240.695	141	8.960.390
(%)	9,5%	15,7%	86,5%	72,0%	3,8%	9,6%	0,2%	2,7%		

Patentes, licenzas de software e creación de empresas spin-off

Nestes apartados, os resultados durante 2012 foron os seguintes:

Patentes Solicitadas:

- Patentes nacionais:17
- Modelos de Utilidade: 1
- Internacionais: 3 (2 extensións PCT y 1 Europea)

Licenzas 10 Contratos de licenza (patentes, software y know-how a spin-off)

Spin-Off: Constituídas tres empresas de base tecnolóxica: Infinbox, Insitu Enxeñería, Quantum innovative

Outros apartados:

- Escaparate de patentes

Escaparate de patentes : Fichas de 13 tecnoloxías seleccionadas

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/investigacion/transferencia/oferta/escaparate/

- Xornada de divulgación Propiedade Industrial

En abril de 2012 a Universidade de Vigo, a través da OTRI, organizou en colaboración coa Oficina Europea de Patentes (EPO) e a Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) unha

xornada divulgativa, dirixida aos investigadores, alumnado, emprendedores e persoas interesadas en xeral. Contouse coa participación de 70 persoas. Como poñentes actuaron Pablo López (OEPM), Rafael Baltanás Jorge (EPO), Ramón M^a Lois, Responsable de propiedade industrial de Televés.

Principais xestións no ámbito da transferencia realizados pola Universidade de Vigo durante 2012

1.- Aprobación do orzamento da Universidade de Vigo para a potenciación, motivación e asesoramento para a creación de novas EBTs. A normativa foi aprobada en consello de Goberno o día 19 de xuño de 2012.

2.- Redacción dun novo regulamento de Propiedade Industrial e Intelectual elevada e aprobada polo Consello de Goberno.

3.- Convocatoria Pública de subvencións a EBTs para a localización nos espazos dispoñibles pola Universidade de Vigo en CITE XVI (ver Memoria do ano anterior ou na web <http://www.citexvi.es>).

4.- Campaña para dar a coñecer as instalacións do CITE XVI (Cidade Tecnolóxica da Universidade de Vigo) ao persoal da UVigo tanto do ámbito académico como de xestión da universidade.

5.- En colaboración coa Vicexerencia de Internacionalización acadouse a concesión do proxecto LIFE : "ECORAE". Trátase dun proxecto europeo de 3 anos no que participa soamente o estado español, no ámbito da Reutilización e Reciclaxe de equipos informáticos. Colaboran o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a empresa Revertia, en Centro Tecnolóxico Energylab e 5 grupos de investigación da Universidade.

6.- Promoción de convenios con empresas e institucións (Escola de Organización Industrial e Consorcio Zona Franca, Cidade universitaria, Finese, Foncalor, TVG, Pérez Rumbao, Instituto nacional de técnica aeroespacial "esteban terradas", Sales terapia cuzco, Instituto de Estudios Fiscais, Confederación de Empresarios de Pontevedra, Pescanova, etc.)

7.- Promoción para a creación do Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (INMATI). Nesta iniciativa participan ademais da Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e o Centro de Supercomputación de Galicia.

8.2 Sistema loxístico de centros de investigación propios ou vinculados

A Lei orgánica de universidades (LOU), no seu artigo 40, establece a posibilidade de que as universidades creen libremente centros propios de investigación que poden cumprir diversas funcións estratéxicas dentro da universidade cara á establecer os vínculos necesarios coa sociedade cara poder transferir o coñecemento:

- Actuar como centros de apoio instrumental e de servizo ás actividades dos grupos de investigación.
- Permitir economías de alcance no uso de grandes infraestruturas e equipamento de alta tecnoloxía.
- Integrar e enfocar recursos e capacidades de investigación cara áreas de interese para a Universidade.

- Consolidar unidades de investigación que, apoiándose na actividade dos grupos de investigación, posibiliten o incremento da calidade da I+D+i.

A relación de centros da universidade que se presentan tenta remarcar a importancia outorgada á simbiose creada entre investigación e transferencia na Universidade de Vigo:

8.2.1. CACTI: Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación <http://webs.uvigo.es/cactiweb>

O Centro de Apoio Científico Tecnolóxico á Investigación (C.A.C.T.I) ten como misión proporcionar apoio científico e tecnolóxico aos membros da comunidade universitaria e á sociedade galega, para o fomento dos labores de investigación e desenvolvemento (dando cumprimento ao artigo 2 dos Estatus desta Universidade: tratar de alcanzar as máximas cotas de calidade na docencia e na investigación).

Unha das claves de funcionamento to CACTI é a súa apertura a empresas e organismos, que fai que se proxecte como un centro innovador de referencia.

Como Servizo Técnico de Apoio á Investigación, o CACTI está formado por unidades e servizos especializados de instrumentación e de achega de materiais básicos para determinadas investigacións científicas, técnicas ou humanísticas. Durante o exercicio 2012, o CACTI facturou un total de 415.998,64 €.

8.2.2. CITE XVI: Cidade Tecnolóxica de Vigo S.A <http://www.citexvi.es/>

CITE XVI é unha sociedade anónima de dereito privado centrada na promoción e impulso das actividades de I+D+i. O seu obxectivo é atraer actores que favorezan o desenvolvemento tecnolóxico e crear un ecosistema multilateral de innovación, segundo un modelo de tripla hélice como estratexia de desenvolvemento local e da Comunidade Autónoma.

Os seus sectores estratéxicos son: telecomunicacións, tecnoloxías da información, enerxías e medio ambiente, ciencias mariñas, biomedicina e tecnoloxías agroalimentarias.

Este obxectivo concrétese acollendo e desenvolvendo plataformas de investigación a través da presenza física en CITE XVI de sedes, centros e laboratorios de I+D de empresas, centros tecnolóxicos de colaboración público/privada e laboratorios de investigación ligados a proxectos empresariais. Tamén acolle *spin off* universitarias, ás que presta servizos nas fases de preincubación e incubación.

A creación de emprego cualificado, por parte das entidades aloxadas, froito da promoción da cultura de innovación, redonda na mellora do nivel de vida da sociedade e na dinamización dos sectores empresariais, atrae investimentos, promove a creación de empresas, novas patentes e aumento da inversión en I+D.

O compromiso do CITE XVI co medio ambiente está sustentado na propia definición do proxecto construtivo e responde á estratexia de implantación de enerxías renovables que ten esta universidade. Estas actuacións permiten que CITE XVI non só presente un balance enerxético cero, senón tamén que contribúa ao sistema enerxético de xeración de enerxías renovables.

Desde a súa constitución, o CITEXVI acolleu, entre outros, os seguintes proxectos:

- Centro tecnolóxico de eficiencia e sustentabilidade enerxética
- ENERGYLAB
- Centro tecnolóxico das telecomunicacións de Galicia GRADIANT
- Laboratorio europeo de referencia de biotoxinas mariñas AESAN
- IMATIA: empresa dedicada á realización de proxectos de I+D+i relacionados coas novas tecnoloxías para o desenvolvemento de sistemas de información corporativos, administración electrónica, sistemas de información para a xestión da produción e loxística industrial e servizos de desenvolvemento a medida de software.

8.2.3. ECIMAT: Estación de Ciencias Mariñas de Toralla <http://www.ecimat.org/>

A Universidade de Vigo por compromiso estatutario ten, entre outros, acadar as máximas cotas de calidade investigadora, dedicando especial atención ao estudo da cultura e do medio natural de Galicia mediante programas específicos de investigación, que respondan aos seus problemas concretos, promovendo a investigación como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade.

Esta Universidade, implantada nun territorio europeo de alta dependencia do mar (a pesca e as actividades derivadas xeran ao redor do 10% do PIB de Galicia), alberga unha das escasas titulacións de Ciencias do Mar existentes na Península.

A Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT), xorde como resposta á vocación mariña desta Universidade, con obxecto de dotala de infraestruturas de investigación de excelencia en temas mariños.

A Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT), organicamente dependente da Vicerreitoría de Investigación da Universidade de Vigo, ten como obxectivo específico proporcionar as infraestruturas necesarias ao pé do mar, para manter e mellorar o nivel científico acadado, prestar servizos nos ámbitos da acuicultura ao medio mariño e a execución de ensaios de laboratorio, e proporcionar valor engadido e vantaxes competitivas para a captación de recursos externos.

En consecuencia, a dirección da ECIMAT, consciente da importancia de prestar un servizo de calidade, vén de lanzar o deseño e a implantación dun Sistema de Xestión da Calidade conforme aos requisitos da norma UNE - EN ISO 9001.

A cotío, as universidades adoecen da falta de inserción no tecido social que as arrodea. O traballo de investigación non sempre redunda en beneficio da comunidade que o sustenta. Centros como a Estación de Toralla, que promoven a investigación aplicada en temas de grande interese económico e social para Galicia como a pesca, o marisqueo e a acuicultura, poden servir de nexo entre o mundo académico, cos seus avances teóricos, e os sectores sociais que poden beneficiarse da aplicación práctica deses avances.

Dos 16 grupos de investigación da Agrupación Campus do Mar, 14 son usuarios habituais das infraestruturas da ECIMAT, que nacida tan só dous anos antes que o agrupamento, foi e continúa a ser núcleo vertebrador e promotor do intercambio e a cooperación entre os grupos de investigación mariña desta Universidade.

8.2.4. CITI: Centro de Investigación, Transferencia e Innovación, Ourense <http://www.citi.uvigo.es/>

O Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI), é un novo centro creado pola Universidade de Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia no 2005. O CITI ten como misión potenciar o desenvolvemento do I+D+i nas empresas, mediante a creación de espazos de colaboración para favorecer e transferir coñecemento dende a universidade ao tecido empresarial a través do desenvolvemento de proxectos conxuntos de I+D+i relacionados co ámbito agroalimentario, biotecnoloxía, enerxía, medio ambiente e tecnoloxías da información.

O CITI está composto basicamente por equipamento científico (laboratorios) é unha oficina de I+D+i. Esta Oficina ten por obxectivo:

- Identificación das necesidades de información dos investigadores así como as súas capacidades e intereses en futuros proxectos de I+D/convocatorias.
- Incrementar a capacidade dos grupos de investigación do Campus de Ourense e do C.I.T.I., para captar recursos para proxectos de I+D+i tanto de orixe público a través de convocatorias competitivas, como de orixe privado a través de contratos con empresas e outras institucións.
- Prestar apoio e asesoramento na xestión administrativa de xestión de proxectos de I+D+i

8.2.5 Proxecto ATLANTTIC

http://atlantic.uvigo.es/index.php?option=com_content&view=article&id=124&Itemid=82&lang=es

AtlantTIC é un centro de investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicación que pertence á Universidade de Vigo que pretende difundir o coñecemento científico no campo das telecomunicacións. Ao mesmo tempo, esta comprometido co fomento da educación superior e a formación, organizando e tutorizando aos estudantes de grado y posgrado.

AtlantTIC é líder en investigación no eido das TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación). Este centro de investigación participa activamente na investigación aplicada ás telecomunicacións, tanto a nivel nacional como internacional, co fin de mellorar la competitividade da industria europea e cumprir có que a sociedade e a economía galega demandan.

A experiencia dos investigadores de AtlantTIC cubre unha ampla gama de áreas de investigación como as comunicacións dixitais, redes inalámbricas, comunicacións por satélite, teledetección, visión por ordenador e procesado de imaxes, procesado de audio e fala, bioenxeñería entre outros.

AtlantTIC está composta por máis de 150 investigadores, entre profesores, investigadores posdoctorais, estudantes de doutorado e enxeñeiros/as que traballan en proxectos coa industria. Moitos deles son investigadores traballan en estreita colaboración con expertos pertencentes a outras universidades e centros de investigación, como a Axencia Espacial Europea, a Universidade Católica de Lovaina en Bélxica, Universidades de Bolonia e Siena en Italia, Universidades de Nuevo México e Colorado en EE.UU., Universidade Técnica de Dinamarca e outras.

No balance realizado destacan as 250 publicacións SCI nos derradeiro cinco anos, un total de ingresos por proxectos de investigación de mais de 15 M € e de 10 M € por contratos coa industria no mesmo período.

8.2.6. Centro de Excelencia de Vigo (CdE) (http://webs.uvigo.es/ori1/index_es.htm)

É un centro de alto rendemento en creatividade aplicada á innovación que se dedica ao desenvolvemento das capacidades innovadoras no mundo empresarial. Pretende ser unha referencia para que Pemes e emprendedores galegos poidan incrementar a súa competitividade e sustentabilidade. Este proxecto é promovido pola Escola de Organización Industrial, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Universidade de Vigo.

Outros centros en proceso de posta en marcha son o CENTRO DE INVESTIGACIÓN TECNOLÓXICO INDUSTRIAL (MTI) (web en construción) e o CENTRO DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA (CINBIO) <http://www.cinbio.es/>

Outros fitos

O 2012 foi o ano no que o XaTcobeo, primeiro CubeSat IU construído por unha universidade europea cos estándares da Axencia Espacial Europea, abriu a porta á Universidade de Vigo e a Galicia enteira a unha futura liña estratéxica de traballo que sitúa a nosa comunidade no mapa aeroespacial. En apenas uns meses e seguindo a súa estela, presentouse tamén HumSAT/DEMO, un satélite demostrador coa función de validar a viabilidade do proxecto HumSAT promovido e desenvolvido pola Universidade de Vigo co apoio da ONU e da Axencia Espacial Europea.

Non foron estas as únicas boas novas para a universidade. No eido científico o apoio chegou da man da Unión Europea e da aprobación do proxecto Biocaps, financiado polo 7º Programa Marco con 4,6 millóns de euros que se destinan fundamentalmente á contratación de persoal e á dotación de equipamento do Instituto de Investigación Biomédica de Vigo.

8.3 Campus do Mar: a colaboración como estratexia de futuro

<http://campusdomar.es/>

O 21 de outubro de 2010 o proxecto **Campus do Mar**, liderado pola Universidade de Vigo, foi seleccionado como Campus de Excelencia Internacional (CEI) e o 17 de decembro deste ano, firmouse o convenio entre o Ministerio de Educación e a Xunta de Galicia para facelo posible.

Trátase dun proxecto que pretende xerar un agregado estratéxico, especializado no mar desde un punto de vista multidisciplinar, plenamente integrado polas institucións que o compoñen e cun forte impacto no tecido socioeconómico da nosa Eurorrexión, que impulse o desenvolvemento sostible no territorio.

Por este motivo o Campus do Mar integra aos axentes socioeconómicos e investigadores de Galicia e Norte de Portugal relacionados co ámbito mariño, buscando así aglutinar o maior potencial posible e optimizar os recursos dispoñibles.

O Campus do Mar está financiado polo Ministerio de Educación (e a Xunta de Galicia) no marco do programa Campus de Excelencia Internacional, cunha contía de 5.300.000 €. Son promotores do mesmo as universidades de Vigo, Santiago de Compostela, A Coruña, Porto, Minho, Tras os Montes - Alto Douro e Aveiro. Tamén o Instituto Español de Oceanografía (CSIC) e o Instituto de Investigacións Mariñas.

O obxectivo xenérico do Programa Campus de Excelencia Internacional (e por extensión o do Campus do Mar) integrado dentro da *Estratexia Universidade 2015*, ten como finalidade a interacción das universidades cos centros de investigación, parques científicos, centros

tecnolóxicos, contorno produtivo e outros axentes para o desenvolvemento de "ecosistemas" de educación, investigación e innovación, que contribúan ao desenvolvemento do contorno local o rexional.

9. A Universidade de Vigo e a creación de valor para a sociedade

Ademais de exercer a súa función educativa e de transferencia do coñecemento a Universidade de Vigo, a través da Vicerreitoría de Extensión Universitaria, ten como obxectivos básicos promover, canalizar, apoiar e fomentar a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias. Estas actividades representan unha das funcións elementais que as universidades teñen que ter coa sociedade e coa formación integral dos seus alumnos.

9.1 A Universidade coa promoción e a difusión cultural

A creación, desenvolvemento e transmisión da cultura é unha das funcións elementais das universidades ao servizo da sociedade. Entendemos a promoción da cultura entre o noso alumnado como un paso previo necesario e un elemento vertebrador esencial da súa formación.

A través do servizo de Extensión Universitaria ofrécese á comunidade universitaria e á sociedade unha ampla programación cultural estruturada por cuatrimestres. Ademais convócanse premios e certames para a promoción da cultura e das habilidades artísticas da comunidade universitaria.

Compre salientar igualmente a formación do *Coro Universitario* fundado no ano 1990 para satisfacer, entre outras, unha necesidade evidente de contribuír a potenciar a formación musical dos estudantes, en especial do futuros mestres de Educación Musical.

9.2 A universidade de Vigo e o seu compromiso coa lingua e a cultura galega

A área de Normalización Lingüística (ANL) é quen se encarga de todas as labores propias na procura de que o idioma de Galicia sexa usado de xeito apropiado dentro da universidade (como materialización do artigo 4 dos Estatutos da Universidade de Vigo e da súa responsabilidade social coa cultura e o patrimonio inmaterial de Galicia).

Neste sentido, a ANL pon a disposición da comunidade universitaria un servizo de asesoramento no uso e na tradución da lingua galega para calquera acción vinculada á formación e á investigación da Universidade, se ben as súas accións baséanse na transversalidade do conxunto da vida universitaria.

Así mesmo, a través de Internet, pon ao servizo de calquera cidadán un magnífico tradutor galego-castelán e castelán-galego que traduce textos longos e indica as palabras que non reconece (<http://sli.uvigo.es/tradutor/>).

Este labor é considerada parte da labor esencial desta Universidade e un elemento mais da súa Responsabilidade Social á hora de coidar e proxectar o noso patrimonio, neste caso inmaterial, como é a lingua galega.

9.3 A promoción do deporte

http://www.uvigo.es/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/estudios-programas/memoria_20112012_Servizo_de_deportes.pdf

O deporte representa para a institución unha área de desenvolvemento da persoa que repercute no benestar físico e na formación integral dos estudantes.

A Universidade de Vigo é unha institución académica que aposta de xeito moi firme pola saúde e polo respecto ao medio ambiente natural na práctica deportiva. Esta circunstancia é coherente coa súa pertenza á Rede Española de Universidades Saudables.

Asumimos, pois, un compromiso e responsabilidade social para coa saúde da comunidade universitaria. Atendendo aos últimos estudos que así o certifican, se considera que as persoas que practican con regularidade algunha actividade deportiva teñen mellores resultados no eido intelectual e o rendemento laboral incrementase.

Nas instalacións deportivas coas que conta esta universidade celébranse campionatos universitarios, os torneos intercentros e intercampus, que xunto cos campionatos estatais, representan o cerne das competicións dos diferentes deportes que se desenvolven nas instalacións dos tres campus, constituídos por pavillóns polideportivos, pistas de tenis exteriores, campos de fútbol de herba artificial, pistas de atletismo e de footing e ximnasia, entre outros.

Como resultados das actividades deportivas, os programas ofertados atenderon a un total de preto de 7.000 usuarios habituais. Durante o curso académico 2011-2012 houbo 1751 inscricións para asistir ás escolas deportivas das cales 1050 foron mulleres e 701 homes.

Os principais feitos a salientar en actividades deportivas foron os seguintes:

- Consolidación das unidades de actividade física dos tres campus que desenvolveron un total de 786 programas personalizados de exercicio físico coas 270 persoas (161 homes e 109 mulleres que demandaron este tipo de servizos).
- Os tipos de programas máis demandados foron os de iniciación ao exercicio (32,5% do total) e os de condición física xeral (41,2% do total). Os usuarios/as desta unidade de actividades físicas do servizo de deportes foron nun 52,54 PDI/PAS e nun 44,53% alumnos/as.
- O equipo Taekwondo da Universidade de Vigo gañou o campionato de España desta modalidade deportiva. A universidade de Vigo está presente no podio dos nacionais de taekwondo de xeito ininterrompido desde o ano 2002.
- Carreira -Andaina 10 km Cidade Universitaria cunha participación global de 810 corredores (95 universitarios de Galicia dos cales 2/3 pertencían á Universidade de Vigo). Paralelamente a esta actividade realizouse unha andaina para os/as que preferían longos paseos: participaron un total de 120 persoas.
- Salientamos tamén o debut do equipo de rugby na máxima categoría deste deporte a nivel estatal realizando unha excelente temporada e o ascenso do equipo de baloncesto do Campus de Ourense.

A relación de todas as actividades realizadas e a participación na mesmas pódese atopar na Memoria de Deportes en <http://deportes.uvigo.es/index.asp>.

9.4. Outras actividades de Extensión Universitaria e acción social

A Universidade de Vigo fomenta a participación dos alumnos en proxectos de voluntariado propios, ou en colaboración con diferentes institucións, a través da área de voluntariado e integración do SIOPE (Sección de Integración, Orientación e Promoción do Estudante), dependente de Extensión Universitaria.

O SIOPE está estruturado en tres áreas diferenciadas: Información, voluntariado e integración e gabinete psicopedagóxico.

Os seus obxectivos prioritarios son:

- Ofrecerlles a todo o alumnado e persoas con titulación universitaria, así como a futuros universitarios e universitarias unha información clara e completa sobre todo o relativo á vida universitaria.
- Atender ao alumnado que o requira nas áreas de orientación educativa, académica e psicopedagóxica.
- Promover o voluntariado e a integración na comunidade universitaria.

Os principais servizos prestados durante o curso 2011-2012 foron:

- Bolsas e axudas ao estudo que se convocan, tanto da Universidade de Vigo como doutras entidades públicas ou privadas.
- Oferta de aloxamento tanto en residencias propias da Universidade de Vigo como noutras da súa área de influencia.
- Seguro escolar (cobertura, trámites a seguir, etc.).
- Servizos complementarios que ofrece a Universidade de Vigo: comedores, transporte, actividades deportivas, actividades culturais, actividades científicas, etc.

Para a UVigo resulta prioritario a formación integral do seu alumnado; por este motivo promoveu durante o ano 2012 accións orientadas, a través de programas propios ou en colaboración con outras entidades, para que os membros da comunidade puideran desenvolver a súa actividade de voluntariado.

A través do Programa PIUNE (Programa de Integración de Universitarios/as con Necesidades Especiais), se mantén un censo de persoas con discapacidade na Universidade de Vigo, con motivo de poder prestarlles apoio personalizado.

Así mesmo, se promove a integración do alumnado na realidade social da comunidade universitaria mediante actividades de voluntariado así como a súa formación mediante (obradoiros, seminarios, cursos, actividades de sensibilización, xornadas, encontros, charlas, etc.).

O Siope rexistrou un total de 99 voluntarios no curso 2012 que puideron elixir entre 32 proxectos diferentes (3 proxectos propios e 27 de entidades externas á Universidade (fronte a os 60 voluntarios e 10 entidades do ano anterior).

Por outra banda, son numerosas as asociacións de estudantes de diferente natureza (deportivas, culturais, sociais etc.) que desenvolven a súa actividade nesta universidade. Nela poden dispoñer de servizos e instalacións que esta habilita para tal fin, posibilitando que poidan realizar as súas xuntanzas, ou programar as súas actividades.

http://extension.uvigo.es/extension_gl/voluntariado/proxectos/

Así mesmo, esta institución colaborou durante o derradeiro curso con dez asociacións que traballan con distintos colectivos desfavorecidos: infancia, drogodependencia, inmigrantes, atención a diversas enfermidades, exclusión social etc.

Atención a persoas con necesidades especiais

A Universidade de Vigo, no artigo 100 dos seus Estatutos, referido aos dereitos e deberes dos alumnos, expresa que "teñen dereito a recibir a garantía de máxima protección no dereito á educación aqueles estudantes con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais".

Na procura da integración total das persoas con discapacidade, tanto no ámbito académico coma no laboral, a Universidade de Vigo dispón de varios programas:

- O Programa de inserción de discapacitados, promovido pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria (SIOPE), para favorecer a integración plena do alumnado na vida universitaria. Este servizo de atención a estudantes con discapacidade está en proceso de incorporarse a un sistema de xestión da calidade.

- O PIUNE, xa mencionado anteriormente, é o Programa de Apoio á Integración de universitarios con necesidades especiais. A UVIGO obtén axudas para mellorar a accesibilidade de persoas con discapacidade por parte da ONCE. No curso 2011-2012 concedeuse unha axuda de carácter asistencial e dúas axudas de integración, facendo un desembolso por este concepto a Universidade de Vigo por importe de 6.500 euros.

A distribución dos estudantes na universidade con discapacidade é a seguinte:

- Número Estudantes de grao, primeiro e segundo ciclo con algunha discapacidade: 122 (70 homes e 52 mulleres)
- Estudantes de posgrao con algunha discapacidade: 19 (7 homes e 12 mulleres)
- Estudantes de doutoramento con algunha discapacidade: 5 (1 home e 4 mulleres)

Promoción do asociacionismo entre os membros da comunidade universitaria

A Vicerreitoría de Extensión informa sobre os procedementos para a creación de asociacións e contribúe, parcialmente, ao financiamento das súas actividades. Das que se realizaron baixo esta modalidade de participación destacamos os ciclos de conferencias, certames e concursos, música e audiovisual, así como outros eventos ligados á programación de facultades e escolas.

Cursos e obradoiros

Preténdese facer partícipe á sociedade de novos elementos culturais e científicos procedentes da investigación realizada na Universidade ou noutros centros de creación cultural e produción de coñecementos.

Esta fórmula permite ademais a organización de actividades de formación, que poden levarse a cabo en coordinación con outras institucións académicas e/ou sociais, que permitan a suma de esforzos na planificación cultural e formativa dos cidadáns, potenciando especialmente a creación artística e o estudo do seu proceso creador.

Aulas de Formación Aberta e Programa para Maiores

A través das Aulas de Formación Aberta, a Universidade de Vigo amplía a súa misión educativa e ofrécelle á sociedade por outra canle aquilo do que dispón: coñecemento, capacidade de formación, medios, instalacións e recursos humanos.

Con esta iniciativa quérese contribuír ao enriquecemento humano e cultural que se desprende, tanto do traballo universitario cotián como das actividades complementarias que se organizan nas diferentes áreas. As Aulas de Formación Aberta organizan programas de formación específicos dirixidos a colectivos concretos (persoas maiores, inmigrantes...)

O Programa para Maiores é unha desas actividades organizadas dende as Aulas de Formación Aberta co gallo de fomentar a participación das persoas maiores de 55 anos na sociedade actual, apoialas no proceso de adaptación aos cambios actuais e promover as relacións interxeracionais. Para este fin, a Universidade de Vigo oferta un Programa para Maiores que representa un proxecto de desenvolvemento científico-cultural dirixido especificamente a este sector da poboación.

Coa súa posta en marcha nos tres campus, a universidade pretende facilitarles ás persoas adultas o seu desenvolvemento persoal e social, ofertando unha serie de estudos a aqueles que, por varias razóns, non puideron acceder á Universidade no seu momento ou que, sendo xa titulados, se atopan nunha idade inhabitual para as tarefas académicas.

Actividades divulgativas e de orientación universitaria

Cara á captación de estudantes, impartíronse charlas de orientación nos IES que o solicitaron. Este ano asistimos a varias charlas repartidas por todo o país, sendo a meirande parte no sur de Galicia, sumando un total aproximado de 60 centros.

Por noveno ano desenvolveuse o programa de educación ambiental “Universidade e Natureza” dirixido a estudantes de centros de distintos niveis de ensino obrigatorio dos colexios e institutos do Concello de Vigo e arredores. Tamén teñen acceso a estas rutas membros da comunidade universitaria e persoas alleas a esta, organizados en grupos de visitas. Estas visitas teñen lugar no campus de Vigo e no de Ourense e o seu obxectivo é dar a coñecer a grande variedade de especies de fauna e flora presentes nos campus. Durante o cursos 2011-2012 participaron no programa arredor de 300 estudantes e 20 docentes pertencentes a 10 centros.

Parque do Coñecemento (EN13)

A Universidade de Vigo quere abrir o seu propio espazo e contorna á sociedade. Neste sentido, e sendo os campus de Ourense, Pontevedra e Torrecedeira espazos urbanos, foise facilitando a integración nos seus respectivos espazos urbanos. A retirada do muro no Campus de Ourense ou as obras de xardinería realizadas conxuntamente co Concello desta cidade son exemplo disto. Posúe tamén este campus un xardín botánico con especies pouco comúns dentro de Galicia, que está aberto á cidade e que é visitado por escolares a través de visitas guiadas.

No caso do campus de Marcosende, as súas características, e en particular a súa inserción na natureza, permiten asumir o obxectivo de que se converta nun gran parque periurbano de Vigo. O paisaxismo, con impresionantes vistas sobre as Rías Baixas, sobre a bacía do Miño, sobre o val do río Zamáns ou Miñor e a Serra do Galíneiro, ou sobre a Ría de Vigo, ou a riqueza botánica e faunística, con máis de cincocentas especies animais e vexetais, ofrecen posibilidades para a práctica deportiva de diversas especialidades ou lecer entre as masas forestais autóctonas repoboadas no último decenio.

Pero, ademais, no Campus de Vigo pódese gozar dunha gran riqueza arquitectónica (a mellor arquitectura moderna en edificios emblemáticos de autores como Pernas, Nogueiro, Miralles, Portela ou Penelas), riqueza arqueolóxica (cos depósitos megalíticos do Monte das Pedreiras, catro mámoas, ou o poboado do Bronce final do Monte das Cabanas), riqueza histórica (coa Fonte Seca, onde tivo lugar unha cruenta batalla entre as tropas napoleónicas e as partidas guerrilleiras do Frago o 28 de xaneiro de 1809) e riqueza artística (con esculturas ao aire libre de escultores como Silverio Rivas, Paco Leiro, Buciños...).

Anexo I: Índice de correspondencia de contido coa Global Reporting Initiative

<i>Estratexia</i>		
<i>Código índice gri</i>	<i>Nome aspecto</i>	<i>Apartado</i>
1.1	Declaración do máximo responsable da toma de decisións na organización (director xeral, presidente ou posto equivalente) sobre a relevancia da sustentabilidade para a organización e a súa estratexia	1. Carta do Reitor
<i>Perfil da organización</i>		
<i>Código índice gri</i>	<i>Nome aspecto</i>	<i>Apartado</i>
2.1	Nome da organización	2.1 Perfil da Universidade de Vigo
2.2	Principais marcas, produtos e/ou servizos	2.1 Perfil da Universidade de Vigo
2.3	Estrutura operativa da organización	2.1 Perfil da Universidade de Vigo
2.4	Localización da sede principal da organización	2.1 Perfil da Universidade de Vigo
2.5	Número de países nos que opera a organización e nome dos países nos que desenvolve actividades significativas ou que sexan relevantes especificamente respecto aos aspectos de sustentabilidade tratados na memoria	2.1 Perfil da Universidade de Vigo
2.6	Natureza da propiedade e forma xurídica	2.1 Perfil da Universidade de Vigo
2.7	Mercados servidos (incluíndo a desagregación xeográfica, os sectores que abastece e os tipos de clientes/beneficiarios)	2.1 Perfil da Universidade de Vigo
2.8	Dimensións da organización informante	2.1 Perfil da Universidade de Vigo
2.9	Cambios significativos durante o período cuberto pola memoria no tamaño, estrutura e propiedade da organización	2.1 Perfil da Universidade de Vigo
2.10	Premios e distincións recibidos durante o período informativo	2.4 Premios, distincións e acreditacións de calidade

Parámetros da memoria

<i>Código</i>	<i>Nome aspecto</i>	<i>Apartado</i>
<i>Índice</i>		
<i>GRI</i>		
3.1	Período cuberto pola información contida na memoria	3.2 Alcance e cobertura da Memoria de Responsabilidade Social
3.2	Data da memoria anterior máis recente	3.2 Alcance e cobertura da Memoria de Responsabilidade Social
3.3	Período de realización da memoria (anual, bianual,..)	3.2 Alcance e cobertura da Memoria de Responsabilidade Social
3.4	Punto de contacto para cuestións relativas ao seu contido	3.2 Alcance e cobertura da Memoria de Responsabilidade Social
3.6	Cobertura da memoria	3.2 Alcance e cobertura da Memoria de Responsabilidade Social
3.7	Limitacións do alcance da memoria	3.2 Alcance e cobertura da Memoria de Responsabilidade Social
3.8	Base para engadir información no caso de negocios conxuntos <i>joint venture</i> , filiais, instalacións arrendadas, actividades subcontratadas e outras entidades que poidan afectar significativamente á comparabilidade entre períodos e/ou entre organizacións)	3.2 Alcance e cobertura da Memoria de Responsabilidade Social
3.9	Técnicas de medición de datos e bases para realizar os cálculos, incluídas as hipóteses e técnicas subxacentes ás estimacións aplicadas na recompilación de indicadores e demais información da memoria	3.2 Alcance e cobertura da Memoria de Responsabilidade Social
3.10	Motivos do cambio de reformulación da información con respecto á memoria anterior (cambio nos períodos informativos, natureza do negocio, métodos de medición..)	Non procede
3.11	Cambio significativos respecto dos períodos anteriores	3.2 Alcance e cobertura da Memoria de Responsabilidade Social
3.12	Táboa que indica a localización dos contidos básicos na memoria	Índice de correspondencia de contidos con GRI

Goberno, compromisos e participación dos grupos de interese

<i>Código o Índice GRI</i>	<i>Nome aspecto</i>	<i>Apartado</i>
4.1	Estrutura de goberno incluíndo os comités do máximo órgano de goberno responsable de tarefas tales como a definición da supervisión da organización	2.3 Sistema de goberno
4.2	Indicar se o presidente do máximo órgano de goberno ocupa tamén un cargo executivo	Non procede
4.3	Naquelas organizacións que teñan estrutura directiva unitaria, indicarse o número e o sexo dos membros do máximo órgano de goberno que sexan independentes ou non executivos	Non procede
4.4	Mecanismos dos accionistas e empregados para comunicar recomendacións ou indicacións ao máximo órgano de goberno	2.3 Sistema de goberno
4.8	Declaracións da misión e valores desenvolvidas internamente, códigos de conduta principios relevantes para o desempeño económico, ambiental e social, e o estado da súa implementación	2.2 Misión, visión e valores
4.14	Relación de grupos de interese que a organización ten incluído	3.3 Os nosos grupos de interese
4.15	Base para a identificación e selección de grupos de interese cos que a organización se compromete	3.3 Os nosos grupos de interese

<i>Desempeño económico</i>		
<i>Número</i>	<i>Descripción do indicador</i>	<i>Apartado</i>
EC1	Valor económico directo xerado e distribuído, incluíndo ingresos, custos de explotación, retribución a empregados, doazóns e outros investimentos na comunidade, beneficios non distribuídos e pagamentos a provedores de capital e a gobernos	4.1 Planificación Orzamentaria
EC3	Cobertura das obrigas da organización debidas a programas de beneficios sociais	4.4 Relación económica cos grupos de interese
EC4	Axudas financeiras significativas recibidas de gobernos	4.1 Planificación Orzamentaria
EC8	Desenvolvemento e impacto dos investimentos en infraestruturas e os servizos prestados principalmente para o beneficio público mediante compromisos comerciais, pro bono, ou en especie	4.4 Relación económica cos grupos de interese
EC9	Entendemento e descrición dos impactos económicos indirectos significativos, incluíndo o alcance destes impactos	4.4 Relación económica cos grupos de interese

<i>Desempeño ambiental</i>		
<i>Número</i>	<i>Descripción do indicador</i>	<i>Apartado</i>

EN3	Consumo directo de enerxía desagregado por fontes primarias	5.4 A xestión dos residuos e o consumo de enerxía
EN6	Iniciativas para proporcionar produtos e servizos eficientes no consumo de enerxía ou baseados en enerxías renovables, e as reducións no consumo de enerxía como resultado destas iniciativas	5.2 Actividades e Iniciativas
EN7	Iniciativas para reducir o consumo indirecto de enerxía e as reducións logradas con estas iniciativas	5.2 Actividades e Iniciativas
EN8	Captación total de auga por fontes	5.4 A xestión dos residuos e o consumo de enerxía
EN14	Estratexias e accións implantadas e planificadas para a xestión de impactos sobre a biodiversidade	5.2 Actividades e Iniciativas
EN16	Emisións totais, directas e indirectas, de gases de efecto invernadoiro, en peso	5.3 A pegada ecolóxica da Uvigo
EN18	Iniciativas para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e as reducións logradas.	5.5 Boas prácticas de cara á redución do impacto ambiental
EN22	Peso total de residuos xestionados, segundo tipo e método de tratamento	5.4 A xestión dos residuos e o consumo de enerxía
EN28	Custo das multas significativas e número de sancións non monetarias por incumprimento da normativa ambiental	5.4 A xestión dos residuos e o consumo de enerxía
EN30	Desagregación por tipo total de gastos e investimentos ambientais	5.5 Boas prácticas de cara á redución do impacto ambiental

Desempeño social

<i>Número</i>	<i>Descrición do indicador</i>	<i>Apartado</i>
LA1	Desagregación do colectivo de traballadores por tipo de emprego, por contrato, por rexión e por sexo	7.1 Cadro de persoal
LA2	Número total de empregados desagregados por grupo de idade e sexo	7.1 Cadro de persoal

LA4	Porcentaxe de empregados cubertos por un convenio colectivo	7.3. Igualdade de oportunidades e participación nos órganos de goberno
LA7	Taxas de absentismo, enfermidades profesionais, días perdidos e número de vítimas mortais relacionadas co traballo por rexión	7.2 Formación, saúde e seguridade no traballo
LA8	Programas de educación, formación, asesoramento, prevención e control de riscos que se apliquen aos traballadores, ás súas familias ou aos membros da comunidade en relación a enfermidades graves	7.2 Formación, saúde e seguridade no traballo
LA10	Valor medio de horas de formación ao ano por empregado, desagregado por categoría de empregado	7.2 Formación, saúde e seguridade no traballo
LA13	Composición dos órganos de goberno corporativo e cadro de persoal, desagregado por sexo, grupo de idade, pertenza a minorías e outros indicadores de diversidade	7.3 Igualdade de oportunidades e participación nos órganos de goberno.
LA14	Relación entre o salario base dos homes con respecto ao das mulleres desagregado por categoría profesional	7.3 Igualdade de oportunidades e participación nos órganos de goberno.
PR5	Prácticas con respecto á satisfacción do cliente, incluíndo os resultados dos estudos de satisfacción do cliente	6. Compromiso co alumnado e coa calidade da docencia

